

Guía didáctica do alumnado de bacharelato semipresencial

Lingua galega e literatura

Ensinanza	Bacharelato a distancia semipresencial
Tipo de documento	Guía do alumnado
Curso	1º
Materias	Comúns
Nome da materia	Lingua galega e literatura
Autor/a ou autores:	Silvia Gaspar Porras María Xosé Rodríguez Valcárcel

Índice

1. Introducción.....	5
A materia: liñas xerais	5
Libro de texto	5
Distribución temporal das unidades.....	6
Metodoloxía de estudo	6
Apartados do traballo en cada unha das unidades	6
As titorías lectivas e de orientación	7
Lecturas recomendadas	7
2. Unidade 1	8
2.1 Criterios de avaliación.....	8
2.2 Suxestións para o estudo	8
2.3 Actividades de autoavaliación.....	8
2.4 Actividades de titoría	9
3. Unidade 2	10
3.1 Criterios de avaliación.....	10
3.2 Suxestións para o estudo	10
3.3 Actividades de autoavaliación.....	10
3.4 Actividades de titoría	11
4. Unidade 3	12
4.1 Criterios de avaliación.....	12
4.2 Suxestións para o estudo	12
4.3 Actividades de autoavaliación.....	12
4.4 Actividades de titoría	13
5. Unidade 4	14
5.1 Criterios de avaliación.....	14
5.2 Suxestións para o estudo	14
5.3 Actividades de autoavaliación.....	14
5.4 Actividades de titoría	15
6. Unidade 5	16
6.1 Criterios de avaliación.....	16
6.2 Suxestións para o estudo	16
6.3 Actividades de autoavaliación.....	16
6.4 Actividades de titoría	17
7. Unidade 6	18
7.1 Criterios de avaliación.....	18
7.2 Suxestións para o estudo	18
7.3 Actividades de autoavaliación.....	18
7.4 Actividades de titoría	19
8. Unidade 7	20
8.1 Criterios de avaliación.....	20
8.2 Suxestións para o estudo	20
8.3 Actividades de autoavaliación.....	20

8.4	Actividades de tutoría	21
9.	Unidade 8	22
9.1	Criterios de avaliación.....	22
9.2	Suxestións para o estudo	22
9.3	Actividades de autoavaliación.....	22
9.4	Actividades de tutoría	22
10.	Unidade 9	23
10.1	Criterios de avaliación.....	23
10.2	Suxestións para o estudo	23
10.3	Actividades de autoavaliación.....	23
10.4	Actividades de tutoría	23
11.	Unidade 10	24
11.1	Criterios de avaliación.....	24
11.2	Suxestións para o estudo	24
11.3	Actividades de autoavaliación.....	24
11.4	Actividades de tutoría	24
12.	Unidade 11	25
12.1	Criterios de avaliación.....	25
12.2	Suxestións para o estudo	25
12.3	Actividades de autoavaliación.....	25
12.4	Actividades de tutoría	25
13.	Unidade 12	26
13.1	Criterios de avaliación.....	26
13.2	Suxestións para o estudo	26
13.3	Actividades de autoavaliación.....	26
13.4	Actividades de tutoría	26
14.	Unidade 13	27
14.1	Criterios de avaliación.....	27
14.2	Suxestións para o estudo	27
14.3	Actividades de autoavaliación.....	27
14.4	Actividades de tutoría	27
15.	Unidade 14	28
15.1	Criterios de avaliación.....	28
15.2	Suxestións para o estudo	28
15.3	Actividades de autoavaliación.....	28
15.4	Actividades de tutoría	29
16.	Solucións ás actividades de autoavaliación.....	30
16.1	Unidade 1	30
16.2	Unidade 2	33
16.3	Unidade 3	36
16.4	Unidade 4	39
16.5	Unidade 5	43
16.6	Unidade 6	45

16.7	Unidade 7	48
16.8	Unidade 8	51
16.9	Unidade 9	53
16.10	Unidade 10	54
16.11	Unidade 11	56
16.12	Unidade 12	58
16.13	Unidade 13	60
16.14	Unidade 14	62

1. Introducción

A materia: liñas xerais

Esta materia é unha continuación das que cursou nos seus estudos de secundaria, coa diferenza de que agora aparece unha maior sistematización de coñecementos lingüísticos e literarios e unha abordaxe de textos máis complexos. Perséguese que mellore a súa competencia comunicativa, é dicir, que sexa quen de usar a lingua de xeito idóneo nas diversas esferas da súa actividade social e individual. Para isto debe comprender textos orais e escritos complexos, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre distintos temas e para distintos fins e facer un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica. Amais, cómpre que coñeza a historia da literatura galega e que se achegue á situación sociolingüística de Galicia.

O currículo estrutúrase en tres bloques de contidos:

- Lingua e texto: aténdese á análise de textos e tipoloxía textual, variedades da lingua e funcionalidade lingüística, coa finalidade de aplicar estes coñecementos a unha mellor comprensión e produción de textos.
- Literatura: céntrase, por unha banda, no coñecemento da historia da literatura galega e, pola outra, no coñecemento, análise e valoración de obras significativas mediante a lectura e o comentario.
- Sociolingüística: búscase un achegamento rigoroso á nosa situación sociolingüística para poder interpretala con perspectiva histórica.

Libro de texto

O libro de texto seleccionado é *Lingua e Literatura I. Bacharelato* (2008). Editorial Rodeira. ISBN: 978-84-8349-135-5.

Esta obra aparece estruturada en catorce unidades didácticas, destinadas as sete primeiras ao estudo da lingua e as sete restantes ao da literatura galega desde a Idade Media ata o século XIX, ambas as dúas etapas incluídas.

As unidades do bloque de lingua responden ao seguinte esquema:

- A lingua e os falantes: contidos de tipo teórico-práctico sobre a comunicación humana, as variedades da lingua ou a historia interna e externa da mesma.
- Técnicas de estudo: consellos para un mellor aproveitamento dos recursos existentes tanto no estudo da lingua coma no doutras materias.
- Análise de textos: análise das diferentes tipoloxías textuais.
- Estudo da lingua: descrición das categorías gramaticais.

As unidades do bloque de literatura presentan a estrutura seguinte:

- Historia da literatura: estudo teórico do período da historia da literatura galega de que se trate.
- Análise de textos: actividades de lectura de textos significativos procedentes da etapa que vén de estudar e análise dos mesmos.

- Comentario de texto: análise pormenorizada dun texto significativo do período estudado.
- Tanto no bloque de lingua coma no de literatura, aparecen ao final de cada unidade actividades de síntese e avaliación acompañadas de esquemas que resumen algúns dos aspectos máis significativos da mesma.

Distribución temporal das unidades

O curso académico divídese en tres avaliacións:

- Primeira avaliación: comprende as cinco primeiras quincenas e nela estudaremos as unidades 1 a 5, todas elas do bloque de lingua.
- Segunda avaliación: abrangue as cinco quincenas seguintes e nela ocuparémonos das unidades seis a dez do libro de texto.
- Terceira avaliación: abrangue as cinco últimas quincenas e nela ocuparémonos das unidades once a catorce do libro de texto, todas elas do bloque de literatura.

Metodoloxía de estudo

Debe comezar o estudo de cada unha das unidades lendo atentamente os contidos teóricos que aparecen no libro de texto. Nunha segunda lectura debe elaborar un guión persoal no que tomará nota dos conceptos novos que aparecen e tentará relacionalos cos coñecementos previos que posúe.

Repare en que, nos apartados teóricos, amais da información que se lle proporciona no corpo do texto, aparecen a miúdo cadros nas marxes esquerda e dereita onde se completan eses contidos ou se fornecen exemplos. Son de moito interese e debe deles atentamente.

Unha vez asimilados os contidos teóricos, realizará as actividades que se lle propoñen, tanto as de autoavaliación coma as de titoría porque deste xeito poderá poñer en práctica os aspectos estudados e asemade verá as dificultades coas que se atopa. Aconsellamos que comece polas actividades de autoavaliación porque están relacionadas directamente cos diferentes apartados teóricos das unidades e anote as dúbidas que xurdiron na súa realización tras a revisión das solucións que aparecen na parte final desta guía. Nas titorías presenciais e de orientación pode presentar ao seu titor ou titora todos os problemas cos que se atopou, tanto no estudo teórico coma na realización das actividades.

É fundamental para lograr o éxito nesta materia que leve a cabo un traballo constante e que combine a aprendizaxe de aspectos teóricos coa posta en práctica deses mesmos contidos.

Como material complementario ao libro de texto debería contar vostede cun dicionario adaptado ás normas ortográficas e morfolóxicas do ano 2003 e cunha gramática ou manual do noso idioma. Amais das que pode atopar en formato impreso no mercado pertencentes a diferentes editoriais, dispón vostede en internet de dous enlaces que lle dan acceso a este material:

- <http://www.xunta.es/linguagalega>
- <http://www.recursosparaogalego.com>

Apartados do traballo en cada unha das unidades

En cada unha das unidades da guía atopará os seguintes apartados:

- **Criterios de avaliación:** indícanse os contidos que debe dominar ao rematar a unidade.
- **Suxestións para o estudo:** salientáanse os aspectos máis importantes do tema e remítese, cando procede, a outras unidades ou ao apéndice final do libro.
- **Actividades de autoavaliación:** son as actividades que deberá realizar e das que se ofrecen as solucións ao final desta guía.
- **Actividades de tutoría:** actividades que serán revisadas nas titorías lectivas e debe realizar con anterioridade á súa asistencia ás mesmas.

As titorías lectivas e de orientación

As titorías lectivas (colectivas e de asistencia obrigatoria) dedicaranse a abordar os aspectos teóricos e prácticos máis significativos de cada unidade ou aqueles que presenten maior complexidade, incidindo nos contidos de tipo procedemental. Revisaranse, amais, as que nesta guía figuran como Actividades de tutoría.

As titorías de orientación (individuais e de carácter voluntario) dedicaranse a solucionar as dúbidas que atope no estudo dos contidos das unidades didácticas e mais na realización das actividades.

Lecturas recomendadas

Recomendamos a lectura dalgunha das seguintes obras:

- *Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana.
- *¿Que me queres, amor?*, de Manuel Rivas.
- *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez.
- *Pepa, a Loba*, de Carlos G. Reigosa.
- *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro.
- *Follas novas*, de Rosalía de Castro.

2. Unidades didácticas

2.1 Unidade 1. A comunicación humana

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Analizar e recoñecer os elementos que interveñen nun acto de comunicación, as funcións da linguaxe e o signo lingüístico.
- Comprender o contido, intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Identificar o texto como unidade lingüística e os principais tipos de textos segundo a súa intención comunicativa. Recoñecer o tema e organización da información nun texto dado.
- Distinguir as disciplinas lingüísticas segundo o seu obxecto de estudo.
- Identificar o obxecto de estudo da morfoloxía e a estrutura das palabras.
- Recoñecer e identificar as distintas clases de palabras e os seus trazos definatorios.

Suxestións para o estudo

Nesta primeira unidade aparecen unha serie de contidos que debe dominar para o estudo das posteriores. Fíxese nos conceptos de linguaxe e de comunicación e asimile as diferentes funcións da linguaxe porque son aspectos que deberá empregar no estudo e análise dos diferentes tipos de textos.

Debe diferenciar claramente entre palabras variables e palabras invariables. No caso das primeiras, fíxese na súa estrutura interna, distinguindo entre lexemas e morfemas e, no caso destes últimos, entre os diferentes tipos. Seralle de utilidade reparar nos dous cadros que aparecen na páxina 17 do manual.

É fundamental que identifique as diferentes clases de palabras: substantivo, adxectivos, pronomes, verbo, adverbio, preposición e conxunción que aparecen caracterizadas brevemente nas páxinas 18 e 19 do libro de texto.

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2, 3 e 4 de *Comprensión* do texto da páxina 7.
- Realice as actividades 2 e 4 da páxina 12 para practicar os contidos teóricos que vén de estudar.
- Realice as actividades 1 e 2 da páxina 15 para practicar a estrutura do texto e a diferente tipoloxía textual.
- Realice as actividades 1, 2 e 4 da páxina 20 para practicar a estrutura e clasificación das palabras.

- Realice as actividades 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 12, 13 e 14 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 22 e 23) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita.

Actividades de tutoría

Na tutoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 21).
- Actividades 1 e 2 do apartado *Fonética* (páxina 22).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 24 e 25).

2.2 Unidade 2. A diversidade lingüística

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Coñecer a diversidade lingüística do mundo, de Europa e do Estado español valorando positivamente a riqueza que representa.
- Distinguir as características dos textos descritivos e os diferentes tipos de descrições. Redactar textos descritivos.
- Identificar os trazos de flexión de xénero e número de substantivo e adxectivo e utilizalos de acordo coas normas do galego estándar.
- Identificar a tipoloxía semántica do substantivo.
- Identificar a gradación do adxectivo e construír correctamente as estruturas comparativas.

Suxestións para o estudo

Neste tema debe fixarse nos conceptos de lingua minoritaria e lingua minorizada e coñecer as principais familias lingüísticas existentes en Europa. Repare especialmente nos idiomas falados na Península Ibérica atendendo á súa extensión xeográfica e status legal.

Logo de que na unidade anterior se presentasen as diferentes tipoloxías textuais, comeza a análise pormenorizada das mesmas co texto descritivo: repare nas súas características lingüísticas e nos diferentes tipos de descrições.

Polo que respecta á teoría gramatical debe fixarse especialmente na formación do feminino e formación do plural, especialmente no das palabras rematadas en –án e –ón (para o caso do xénero) e nos substantivos rematados en –l e substantivos compostos (para o caso do número). Repare tamén na adscrición a feminino ou masculino de determinados substantivos e tente assimilar os que, por castelanismo, utilice co xénero errado.

No caso do adxectivo preste atención especialmente ás estruturas comparativas e á formación do feminino dos adxectivos rematados en –án e –ano (consulte o cadro da páxina 41 do manual).

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2, 3 e 4 de *Comprensión do texto* da páxina 29.
- Realice as actividades 1 e 2 da páxina 37 para practicar as características e tipoloxía dos textos descritivos.
- Realice as actividades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 10 da páxina 42 relativas ao substantivo e adxectivo.
- Realice as actividades 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14 de *Competencia Lingüística* para mellorar a calidade da súa produción oral e escrita e para practicar algúns dos contidos teóricos estudados no tema.

Actividades de tutoría

Na tutoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 43).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 46 e 47).

2.3 Unidade 3. O galego e o portugués

Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Recoñecer os trazos que emparentan galego e portugués e os que lles serven de contraste.
- Coñecer os trazos lingüísticos do texto narrativo e os elementos da narración. Producir textos narrativos.
- Distinguir o artigo do pronome e recoñecer os diferentes tipos de artigos e pronomes determinantes.

Suxestións para o estudo

Fíxese no mapa que aparece na páxina 52 sobre a extensión xeográfica do reino de Galicia no século XI para entender as relacións entre o galego e o portugués no momento actual. Repare tamén no cadro da páxina 53 onde se recollen as diferenzas fonéticas, morfolóxicas, léxicas e ortográficas que podemos detectar entre os dous idiomas no momento actual. Con todo, estas diferenzas non impiden que a intercomprensión entre galegos e portugueses sexa total, o que incide na dimensión internacional do galego da que se fala na páxina 55.

Esta unidade, na que se estuda o texto narrativo, está relacionado co tema 8, onde se abordan os diferentes xéneros literarios. Con todo, aquí salientanse as características lingüísticas da narración (fíxese no contraste coa descrición que estudou na unidade anterior) e menciónanse brevemente os elementos nos que se afondará máis adiante.

No apartado de *Estudo da lingua* repare na diferenza funcional fundamental que presenta o artigo con respecto aos pronomes determinantes. Fíxese en que a representación da denominada segunda forma do artigo é opcional na lingua escrita, pero obrigatoria a súa realización no rexistro oral.

Repare no significado habitual e nos valores especiais que poden asumir as formas de pronomes determinantes.

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2, 3 e 4 de *Comprensión do texto* da páxina 51.
- Realice a actividade 1 da páxina 59 para practicar as características dos textos narrativos.
- Realice as actividades 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 da páxina 64 para repasar as formas e usos do artigo e os pronomes determinantes.
- Realice as actividades 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11, 12 de *Competencia Lingüística* para mellorar a calidade da súa produción oral e escrita e para practicar algúns dos contidos teóricos estudados no tema.

Actividades de tutoría

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 65).
- Actividades 1 e 2 do apartado *Fonética* (páxina 66).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 68 e 69).

2.4 Unidade 4. A variabilidade lingüística

Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Saber en que consiste a variabilidade lingüística.
- Establecer os factores que determinan as variedades sociais e situacionais.
- Identificar as características dos diferentes niveis de lingua e rexistros. Aplicar estas características ás producións propias, tanto orais coma escritas, especialmente no ámbito académico.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Coñecer os trazos lingüísticos do texto expositivo, a súa estrutura e os seus tipos. Producir textos expositivos.
- Recoñecer e usar correctamente as formas dos diferentes pronomes persoais tónicos e átonos. Identificar as formas de pronome persoal nun texto dado e clasificalas tendo en conta a súa función sintáctica. Colocar correctamente na oración as formas de pronome persoal.

Suxestións para o estudo

Repare en que a variabilidade lingüística afecta a todos os idiomas do mundo porque en todos eles se atopan variedades sociais, situacionais, xeográficas e históricas. Tente diferenciar a nivel teórico cada unha delas e exemplificalas no seu contorno ou cos textos medievais. Céntrese de seguido no estudo das características dos niveis culto, medio, popular e vulgar e repare nos dous tipos de rexistros lingüísticos (formal e informal) utilizando o cadro da páxina 77.

Esta unidade dedícase ao texto expositivo: fíxese nos trazos lingüísticos que o caracterizan e na estrutura que presenta.

No apartado de morfoloxía estúdase o pronome persoal. Debe diferenciar entre formas tónicas e átonas, identificar as funcións sintácticas que desempeñan unhas e outras e colocar correctamente o pronome átono na oración. Fíxese ben nos cadros que ten nas marxes do libro porque lle proporcionan información sobre esta clase de palabras que debe coñecer (contraccións, fenómenos dialectais e usos do pronome reflexivo).

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2, 3 e 4 de *Comprensión do texto* da páxina 73.
- Realice a actividade 2 da páxina 78 para analizar os diferentes niveis de lingua.
- Realice a actividade 1 da páxina 81 para practicar as características dos textos expositivos.
- Realice as actividades 1, 2, 3, 5, 6 e 7 da páxina 86 para practicar as formas, funcións e usos do pronome persoal.

- Realice as actividades 4, 5, 7, 9, 10 e 12 de *Competencia Lingüística* (páxinas 88 e 89) para mellorar a calidade da súa produción oral e escrita e para practicar algúns dos contidos teóricos estudados no tema.

Actividades de tutoría

Na tutoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 87).
- Actividades 1 e 2 do apartado *Fonética* (páxina 88).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 90 e 91).

2.5 Unidade 5. A formación do galego

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer as orixes e a formación histórica da nosa lingua e valorar a contribución do latín como a súa base fundamental.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Identificar os principais trazos lingüísticos do texto argumentativo e os diferentes tipos de argumentacións. Redactar textos argumentativos.
- Recoñecer, atendendo a diferentes criterios, o verbo como clase de palabra, analizar a súa estrutura e dar conta dos seus valores temporais e modais.
- Conxugar os verbos regulares.

Suxestións para o estudo

Fíxese nos conceptos de linguas de substrato e de superestrato, asimile cales pertencen a cada un dos grupos e tente ser capaz de indicar algunhas contribucións de cada unha delas. Aproveite para incrementar o seu léxico asimilando o significado das palabras que aparecen nos exemplos.

Repare nas diferenzas que presenta o texto argumentativo con respecto ao texto expositivo que estudou na unidade anterior e asimile os trazos lingüísticos que o identifican, as súas diversas estruturas e o tipo de argumentacións das que pode botar man nas producións propias.

No apartado de *Morfosintaxe* comeza aquí o estudo do verbo, que continúa na unidade seguinte, polo que recomendamos un estudo conxunto e tamén a consulta das páxinas 308 a 311 do *Apéndice final* onde aparece a conxugación dos modelos de verbos regulares e algúns dos principais verbos irregulares.

Fíxese no cadro da páxina 108 onde se recollen os valores especiais que posúen algúns dos tempos verbais.

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2 e 3 de *Comprensión do texto* da páxina 95.
- Realice a actividade 1 da páxina 105 para practicar as características dos textos argumentativos.
- Realice as actividades 1, 2, 3, 5, e 6 da páxina 110 para practicar a estrutura, conxugación e usos dos verbos regulares.
- Realice as actividades 3, 4, 6, 7, 9 e 11 de *Competencia Lingüística* para mellorar a calidade da súa produción oral e escrita e para practicar algúns dos contidos teóricos estudados no tema.

Actividades de tutoría

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 111).
- Actividades 1 e 2 do apartado *Fonética* (páxina 112).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 114 e 115).

2.6 Unidade 6. O galego na Idade Media

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer a situación e evolución da lingua galega durante a Idade Media.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Coñecer os trazos lingüísticos fundamentais do texto instrutivo e os seus tipos. Producir textos instrutivos.
- Recoñecer e utilizar axeitadamente os verbos irregulares.
- Coñecer os usos do infinitivo flexional.
- Coñecer as formas e usos dos participios regulares e irregulares.
- Coñecer e utilizar axeitadamente as perífrases verbais galegas.

Suxestións para o estudo

Nesta unidade ten unha descrición da situación histórica de Galicia na Idade Media e, de seguido, unha caracterización da situación social do noso idioma nesta etapa e mais das principais características lingüísticas que presentaba. Estes contidos están intimamente relacionados cos que aparecen nas unidades 9, 10 e 11 sobre literatura medieval. É neste contexto que estuda agora onde se desenvolverá a produción literaria da que se ocupará alí.

Repare nas principais características dos textos instrutivos: fíxese nas diferenzas de motivación e de construción que presentan con respecto aos outros textos que estudou nas unidades anteriores.

No apartado de *Estudo da Lingua* nesta unidade aparecen, amais dos verbos irregulares, as denominadas no manual formas amodotemporais: infinitivo, xerundio e participio e mais as perífrases verbais. Polo que respecta ao infinitivo é moi importante que diferencie claramente os contextos nos que se pode e debe utilizar a forma conxugada daqueloutros nos que aparece a forma invariable (para isto resultaralle de moita utilidade o esquema que ten na páxina 129). No tocante ao participio, en galego temos un grupo numeroso de verbos que presentan dúas formas (unha regular e outra irregular) que se utilizan en contextos diferentes. No cadro da marxe da páxina 130 ten recollidos algúns destes verbos.

En canto ás perífrases verbais, repare na diferenza que existe entre perífrase verbal e complexo verbal e nos principais valores que presentan as perífrases en galego (revise o cadro da páxina 131).

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2 e 3 de *Comprensión do texto* da páxina 119.
- Realice a actividade 1 da páxina 127 para practicar as características dos textos instrutivos.

- Realice as actividades 1, 2, 3, 4, 5, e 6 da páxina 132 para practicar a estrutura e conjugación dos verbos irregulares, as formas amodotemporais e as perífrases verbais.
- Realice as actividades 5, 7, 8, 9 e 11 de *Competencia Lingüística* (páxinas 134-135) para mellorar a calidade da súa produción oral e escrita e para practicar algúns dos contidos teóricos estudados no tema.

Actividades de titoría

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividade 1 do apartado “A lingua e os falantes” da páxina 124 para analizar as características lingüísticas do galego na Idade Media.
- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 133).
- Actividades 1 e 2 do apartado *Fonética* (páxina 134).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 136 e 137).

2.7 Unidade 7. O galego: da decadencia ao rexurdir

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer a evolución da lingua galega desde os Séculos Escuros ao século XIX.
- Coñecer, valorar e reflexionar os factores e procesos que ao longo da historia levaron a lingua galega á súa situación actual.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos diferentes elementos cohesivos.
- Determinar os trazos lingüísticos do texto dialogado e dominar as diferentes formas de presentar o diálogo na narración. Redactar textos dialogados.
- Recoñecer o adverbio, a preposición e a conxunción e as súas respectivas locucións a través de diferentes criterios e dominar as súas características e o seu uso.

Suxestións para o estudo

No apartado “A lingua e os falantes” ten unha descrición da situación sociolingüística de Galicia nos séculos XVI, XVII e XVIII, tamén coñecidos como Séculos Escuros. Repare na síntese histórica coa que comeza este apartado porque é fundamental para comprender os cambios no uso social do idioma con respecto á etapa medieval que estudou no tema anterior. Aparece logo o século XIX baixo a etiqueta de “O rexurdir”. É fundamental que entenda, logo de ler atentamente o tema, cales foron as causas deste inicio de recuperación e como se manifestou. Estes contidos enlazan cos temas 12, 13 e 14 nos que se analiza a produción literaria deste período.

Na “Análise de textos” caracterízanse os textos dialogados: repare nos trazos lingüísticos que presenta esta tipoloxía textual e nas diferentes manifestacións do diálogo na narración porque estes contidos deberá utilízalos posteriormente na realización de comentarios literarios.

No apartado de “Estudo da lingua” esta unidade está dedicada á caracterización do adverbio, preposición e conxunción. É fundamental que recoñeza estas clases de palabras nun texto e saiba o significado de todas e cada unha delas (fíxese no cadro que aparece na páxina 151 porque aí lle explica o significado e usos dalgúñas formas que, ás veces, se utilizan incorrectamente).

No que se refire ás conxuncións, debe diferenciar claramente as coordinantes das subordinantes e, dentro de cada unha delas, os diferentes tipos. Fíxese na polisemia de formas como *se* ou *como* da que se ocupan no cadro da marxe dereita da páxina 153.

Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2 e 3 de *Comprensión do texto* da páxina 141.
- Realice a actividade 1 da páxina 149 para practicar as características e tipoloxía dos textos dialogados.

- Realice as actividades 1, 2, e 5 da páxina 154 para practicar o recoñecemento, formas e usos de adverbio, preposición e conxunción.
- Realice as actividades 3, 6, 9, 10 e 11 de *Competencia Lingüística* (páxinas 156-157) para mellorar a calidade da súa produción oral e escrita e para practicar algúns dos contidos teóricos estudados no tema.

Actividades de titoría

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 155).
- Actividade 1 do apartado *Fonética* (páxina 156).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 158 e 159).

2.8 Unidade 8. Os xéneros literarios

Criteria de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer a finalidade e características da linguaxe e a comunicación literaria, antes de pasar aos xéneros literarios.
- En canto aos xéneros literarios, coñecer as diferenzas entre lírica, narrativa e dramática e, polo tanto, as características de cada un.
- Coñecer as características propias da lírica, e o que entendemos por lírica culta e por lírica popular (características, recursos, exemplos...).
- En canto á narrativa, coñecer as súas características xenéricas e os elementos constituintes da narración (voz narradora, personaxes e tipos, estrutura narrativa, espazo, tempo e modalidades do discurso).
- Na parte de teatro, coñecer as súas características textuais e tamén as súas modalidades (cultas, populares, musicais) e os factores a ter en conta na súa representación.
- Coñecer trazos fundamentais doutros xéneros, como a didáctica, o periodismo, a oratoria e a historia.

Suxestións para o estudo

Malia o carácter teórico desta unidade, convén que as ideas que nela se barallan queden claras e estruturadas, pois vanlle ser moi útiles á hora de facer comentarios literarios nas unidades seguintes: poida que teña que volver a ela con frecuencia, de modo que é recomendable que trace esquemas claros e ben diferenciados sobre os tres xéneros principais, tratando de ter unha idea clara de todos os conceptos que se manexan.

Actividades de autoavaliación

- Realice os exercicios 1, 2, 3 (escollan os contos ou relatos que queiran) e 4 da (páxina 179).
- Realice os exercicios da *Síntese e avaliación* (páxinas 182-183).

Actividades de titoría

Despois de ler de modo comprensivo os tres bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 5 da *Análise de textos* da páxina 180.

2.9 Unidade 9. A literatura medieval (I)

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Ter coñecementos sobre as orixes e difusión da nosa lírica medieval e sobre os seus autores e intérpretes.
- Coñecer os tres xéneros líricos maioritarios.
- Recoñecer unha cantiga de amigo en función das súas características formais e temáticas para poder realizar un comentario textual de calquera destes textos.

Suxestións para o estudo

A unidade abrangue tres bloques de información, que deberían ser abordados de forma sucesiva: primeiro, o contexto histórico (*Galicia na Idade Media*), a seguir o literario (*A lírica galego-portuguesa*) e por último o específico (*A cantiga de amigo*).

Os dous primeiros presentan unha información teórica (que precisa lectura comprensiva, resumo ou esquema da información), mentres que o terceiro incorpora o comentario literario das composicións (características temáticas e formais), polo que requirirá maior atención ás actividades propostas.

Actividades de autoavaliación

- Realice os exercicios do apartado *Análise do contido* (páxina 187, exercicios 1, 2, 3 e 4).
- Realice o exercicio 1 do apartado *Análise de textos* (páxina 193).
- Realice as actividades 1 á 4 do apartado *Síntese e avaliación* (páxinas 202-203).

Actividades de titoría

Despois de ler de modo comprensivo os tres bloques de información, e de traballar coas actividades, preste atención á páxina 201: realice todos os exercicios, e solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

2.10 Unidade 10. A literatura medieval (II)

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer cada un dos dous xéneros que aquí se abordan: a cantiga de amor e a cantiga de escarnio.
- Dispor de coñecementos sobre cada unha orixe e características formais e temáticas, a fin de poder realizar un comentario textual de cada unha.

Suxestións para o estudo

A unidade abrangue dous bloques de información, que deberían ser abordados de forma sucesiva: primeiro, a cantiga de amor e logo, a cantiga de escarnio. Presentan unha información teórica (que precisa lectura comprensiva, resumo ou esquema da información) e comentario literario das composicións (características temáticas e formais), polo que requirirá maior atención ás actividades propostas.

Actividades de autoavaliación

- Para a cantiga de amor:
 - Realice as actividades do apartado *Análise de textos* (páxinas 214-215).
 - Realice os exercicios 1, 2 e 3 da *Síntese de avaliación* (páxina 224).
- Para a cantiga de escarnio e maldicir:
 - Realice as actividades 1 e 2 do apartado *Análise de textos* (páxina 220).
 - Realice os exercicios 5 e 6 da *Síntese de avaliación* (páxina 225).

Actividades de titoría

- Respecto da cantiga de amor, realizaranse os exercicios 1, 2, 3, 5, 6, 7, 10, 12, 13 e 15 do *Comentario de texto* (páxinas 222-223) e comprobarase, coa axuda do titor, a adecuación do seu propio comentario.
- Respecto da cantiga de escarnio e maldicir, presentaranse nas titorías, se houberse dúbidas, os seus exercicios de autoavaliación.

2.11 Unidade 11. A literatura medieval (III)

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer globalmente toda a produción literaria (en verso e prosa) medieval.
- Recoñecer os distintos tipos de xéneros líricos menores.
- Coñecer basicamente (autoría, intención, tipos...) a poesía relixiosa deste período, representada polas *Cantigas de Santa María*.
- Recoñecer os textos medievais en prosa e as súas diversas tipoloxías e ciclos temáticos.

Suxestións para o estudo

Con esta unidade complementábase toda a panorámica literaria medieval.

Nesta unidade, os bloques de información son tres: o que atende aos *Xéneros menores* (páxinas 230-233), á *Lírica relixiosa* (páxinas 234-235) e á *Prosa medieval* (páxinas 236-239). Son tres tipos de información distinta que poden ser estudados por separado (contidos teóricos e actividades correspondentes), se ben os xéneros menores se relacionan coa lírica profana, á que dedicamos as unidades 9 e 10.

Os coñecementos que se verán nesta unidade son maioritariamente teóricos, polo que se recomenda servirse de resumos ou esquemas que faciliten a asimilación dos contidos.

Actividades de autoavaliación

- Xéneros menores:
 - Actividades 1 e 2 (páxinas 240-241).
 - Actividades 1, 2 e 3 da *Síntese e avaliación* (páxina 244).
- Lírica relixiosa:
 - Actividades 1 a 4 respecto da lectura anterior (páxinas 228 e 229).
 - Actividades 4 e 5 da *Síntese e avaliación* (páxinas 245).
- Prosa medieval:
 - Actividades 4, 5 e 6 (páxina 242).
 - Actividade 6 da *Síntese e avaliación* (páxina 245).

Actividades de titoría

- Realice as actividades do *Comentario de texto* (páxina 243) e pida axuda ao seu titor para comprobar a adecuación do seu comentario.

2.12 Unidade 12. Os Séculos Escuros

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Dispor de coñecementos do contexto histórico que propiciou a decadencia lingüística, e tamén a produción literaria deste período: decadencia da escola trobadoresca, literatura popular e poesía culta dos séculos XVI e XVII, Ilustración.
- Comprender as causas da decadencia e as características dos dous tipos de literatura (popular e culta), así como a súa temporalización e textos.

Suxestións para o estudo

Malia que nesta unidade se abrangue a produción literaria de catrocentos anos, é imprescindible ter unha idea de conxunto da dobre panorámica que se presenta (a popular e a culta), por ser esta heteroxénea.

Será necesario comprender primeiro o contexto histórico e lingüístico, así como o período de decadencia trobadoresca, a fin de resumir ou esquematizar estes contidos antes de pasar aos propiamente literarios, dos que se irá facendo unha lectura comprensiva (co seu resumo ou esquema) e as actividades recomendadas: primeiro a poesía (popular e culta) e posteriormente os casos do vilancico, a narrativa e o teatro, para pasar á Ilustración.

Actividades de autoavaliación

- Literatura popular: actividades 1 e 2 (páxina 260).
- Literatura culta: actividade 3 (páxina 260).
- Ilustración: realice os exercicios 1 a 4 da *Comprensión do texto* da *Lectura* (páxina 248-249).
- Para unha síntese da unidade: exercicios da *Síntese e avaliación* (páxinas 262-263).

Actividades de titoría

- Realice os exercicios 1 ao 8 do *Comentario de texto* (páxina 261) e pida axuda ao seu titor para comprobar calquera dúbida sobre a adecuación do seu comentario.

2.13 Unidade 13. O Rexurdimento (I)

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Ter coñecementos sobre o contexto histórico da Galicia do século XIX (estrutura social, nacemento do galeguismo) e a situación lingüística.
- Coñecer a existencia de documentos propagandísticos.
- Ter coñecementos do movemento dos Precursores (representados por Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón).
- Ter coñecementos sobre o movemento do Rexurdimento propiamente dito (factores que lle deron orixe, características e autores nos xéneros narrativo, e dramático).

Suxestións para o estudo

Tras da lectura comprensiva do contexto histórico e lingüístico (recoméndase facer un resumo ou esquema), abordarase o panorama literario, prestando atención á secuencia temporal dos tres períodos que a unidade abrangue: inicio do século (textos propagandísticos), Precursores (dende 1846) e Rexurdimento (1863), e as características e autores de cada un deles.

Actividades de autoavaliación

- Sobre o contexto histórico:
 - Exercicios 1 e 2 da *Síntese e avaliación* (páxina 282).
- Primeiro terzo e Precursores:
 - Exercicios 3 e 4 da *Síntese e avaliación* (páxina 282).
 - Exercicios 1, 2 e 3 da *Análise de textos* (páxinas 278 e 279).
- Rexurdimento:
 - Exercicios 5, 7, 8 e 9 da *Síntese e avaliación* (páxina 283).

Actividades de titoría

- Realice os exercicios 3, 5, 7, 8, 9, 11 e 12 do *Comentario de textos* (páxina 120-281) e pida axuda ao seu titor para comprobar a adecuación do seu comentario, así como para as dúbidas que puidesen terse presentado no estudo da unidade.

2.14 Unidade 14. O Rexurdimento (II)

Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Ter coñecementos sobre os principais poetas do Rexurdimento.
- Recoñecer os trazos fundamentais da obra, estilo, intencionalidade e significado de Rosalía de Castro, tanto en *Cantares gallegos* como en *Follas novas*.
- Recoñecer e dar conta da obra, estilo, intencionalidade e significado de Eduardo Pondal.
- Dispor de coñecementos sobre a obra, estilo, intencionalidade e significado de Manuel Curros Enriquez.
- Sobres os tres autores deberase ter coñecementos sobre as características persoais de cada un e, fundamentalmente, da súa obra: produción, liñas temáticas e lingua, métrica e estilo, a fin de poder realizar un comentario literario dos textos de cada un deles, xustificando a autoría en función das características observadas.
- Realizar un comentario literario adecuado dun destes textos.

Suxestións para o estudo

A unidade recolle tres poetas fundamentais na literatura pero distintos, polo que se recomenda abordar o estudo de cada un deles de forma independente e correlativa. Unha vez que se coñecen (resumo ou esquema) as características persoais e literarias da obra de un, suxírese ler outros textos destes autores: para Rosalía, *Cantares Gallegos* ou *Follas Novas* (breve antoloxía, nas páxinas 327 e 328 do *Apéndice*); para Pondal, cando menos os textos da páxina 329; para Curros, *Aires da miña Terra* ou a selección das páxinas 330-331.

Posteriormente, pase ás actividades prácticas e ao comentario de textos, antes de abordar o estudo do outro, a fin de fixar o coñecemento de cada un de forma individualizada.

Para todo comentario literario pódese axudar dos apartados *Recursos Literarios* e *Estrofas* do *Apéndice* (páxinas 312 a 316).

Actividades de autoavaliación

- Xeral:
 - Exercicio 1 da *Síntese e avaliación* (páxina 304).
 - Exercicio 6 da *Análise de textos* (páxina 302).
- Rosalía de Castro:
 - Lectura dos textos suxeridos no *Apéndice*.
 - Exercicio 3 da *Síntese e avaliación* (páxina 304).
 - Exercicios 2 e 3 da *Análise de textos* (páxinas 300-301).
- Eduardo Pondal:
 - Lectura dos textos suxeridos no *Apéndice*.
 - Exercicio 4 da *Síntese e avaliación* (páxina 304).
- Manuel Curros Enríquez:

- Lectura dos textos suxeridos no *Apéndice*.
- Exercicio 6 da *Síntese e avaliación* (páxina 305).
- Exercicio 5 da *Análise de textos* (páxina 302).

Actividades de titoría

Na aula realizarase o repaso da unidade e revisaranse os exercicios de autoavaliación, comentarios e observacións sobre a materia.

3. Solucións ás actividades de autoavaliación

3.1 Unidade 1

Exercicios de comprensión do texto (páxina 7)

- 1. As palabras do texto teñen os seguintes significados:
 - NAVIEIRO: dono dun navío ou embarcación que pode navegar en alta mar.
 - ACIO: porción de uvas unidas por pedúnculos ao talo da videira.
 - RECONVENCIÓN: censura, reprensión por algo que se dixo.
- 2. O significado da palabra *piñeiro* na lectura é o indicado coa letra B.
- 3. A primeira afirmación do texto é falsa, porque quen lle aprendeu foi dona Leonor. A terceira tamén o é porque non tiraban duns bois, senón duns burros . A segunda e cuarta son verdadeiras.
- 4. A estrutura do texto é a seguinte:
 - Introducción (liñas 1 a 19): preséntanos os personaxes e o contorno.
 - Nó (liñas 20 a 88): descríbense as habilidades do papagaio e outros personaxes e as accións que integran o conto.
 - Desenlace (liñas 89 a 98): dános a coñecer o que ocorreu co personaxe principal.

Exercicios do apartado A lingua e os falantes (páxina 12)

- 2. Os elementos que aparecen nos actos comunicativos propostos son os seguintes:
 - A: Emisor: cliente. Receptor: camareiro. Mensaxe: “un vaso de auga, por favor”. Canle: o aire. Código: a lingua falada. Contexto: o bar onde están o cliente e o camareiro.
 - B: Emisor: eu. Receptor: a amiga. Mensaxe: “Queres que vaíamos ao concerto?”. Canle: a rede. Código: a lingua escrita. Contexto: dúas persoas conectadas a internet con cadanseu ordenador.
 - C: Emisor: o meu amigo. Receptor: eu. Mensaxe: “non fagas ruído, non digas nada”. Canle: o aire. Código: xestual. Contexto: unha situación en que cómpre silencio.
 - D: Emisor: o garda. Receptor: os condutores. Mensaxe: “teñen que parar”. Canle: o aire. Código: xestual. Contexto: o cruzamento con tráfico que conflúe desde distintas rúas.
 - E: Emisor: o autor (Jesús Tusón). Receptor: os lectores (nós). Mensaxe: “as ideas do autor sobre a comunicación e a linguaxe”. Canle: o papel impreso. Código: a lingua escrita. Contexto: as clases de lingua galega.
- 4. As funcións da linguaxe que predominan nos enunciados propostos son as seguintes:

- Enunciado A: función metalingüística porque estamos empregando o código para explicar conceptos do propio código.
- Enunciado B: función expresiva porque amosa un a sorpresa do emisor.
- Enunciado C: función poética porque utilizamos a linguaxe en busca dun efecto estético.
- Enunciado D: función fática porque verificamos o funcionamento da canle para asegurar a recepción da mensaxe.
- Enunciado E: función representativa porque se expresan feitos obxectivos.
- Enunciado F: función apelativa porque tratamos de influír nos receptores cunha orde.

Exercicios de análise de textos (páxina 15)

- 1. Os tres parágrafos dos que consta o texto son os seguintes:
 - O primeiro abrangue desde o comezo ata “esteiro do Forth” na terceira liña e nel sitúanos xeograficamente a cidade de Edimburgo. Consta de dúas oracións.
 - O segundo abrangue ata “13 millóns de visitantes ao ano” e nel describe o festival que se desenvolve na cidade. Consta de tres oracións.
 - O terceiro, ata o final do texto, explica a orixe do nome da cidade. Consta de dúas oracións.
- 2. Os textos propostos corresponden aos seguintes tipos:
 - Un conto popular é un texto narrativo porque relata acontecementos.
 - Unha receita de cociña é un texto instrutivo porque indica as pautas que se deben seguir para realizar un prato.
 - Un artigo de opinión é un texto argumentativo porque defende unha opinión intentando convencer.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 20)

- 1. As disciplinas lingüísticas ás que corresponden estas afirmacións son as seguintes:
 - Afirmación A: dialectoloxía (distribución xeográfica dunha variedade).
 - Afirmación B: sintaxe (función dunha estrutura dentro da oración).
 - Afirmación C: morfoloxía (estrutura interna da palabra).
 - Afirmación D: sociolingüística (variantes sociais da lingua, neste caso resultado do contacto de linguas).
 - Afirmación E: morfoloxía (a forma das palabras, neste caso a manifestación do morfema de plural).
 - Afirmación F: ortografía (escritura correcta das palabras).
 - Afirmación G: fonética (indica a pronuncia dun son).
 - Afirmación H: semántica (menciona a sinonimia que é unha das relacións semánticas).
- 2. A estrutura morfolóxica das palabras propostas é a que se indica de seguido:

- *Filliño*: fill-: lexema; -iñ-: morfema facultativo diminutivo; -o: morfema constitutivo de xénero.
 - *Prehistoria*: pre-: morfema derivativo prefixo; -historia: lexema.
 - *Amigos*: amig-: lexema; -o: morfema constitutivo de xénero; -s: morfema constitutivo de número.
 - *Pianista*: pian-: lexema; -ista: morfema derivativo sufixo.
 - *Ilóxicas*: i-: morfema derivativo prefixo; -loxíc-: lexema; -a: morfema constitutivo de xénero; -s: morfema constitutivo de número.
- 4. Hoxe: adverbio. Separaban: verbo. Indomable: adxectivo. Gripe: substantivo. E: conxunción. Desde: preposición. Unha: artigo. Nos: pronome.

Exercicios de competencia lingüística (páxina 22)

- 3. Os substantivos derivados son os seguintes: seriedade, divindade, notoriedade, brevidade, soidade, solidariedade, capacidade, bondade e salvidade.
- 4. Os participios e xerundios dos verbos propostos son:
 - Crer: crido, creando.
 - Rir: rido, rindo.
 - Abrir: aberto, abrindo.
 - Escribir: escrito, escribindo.
 - Bendicir: bendicido ou bendito; bendicindo.
- 6. As oracións quedan como figura de seguido (lembre que en galego o complemento directo de persoa non leva preposición):
 - Levei o neno ás carreiras de cabalos.
 - Esa rapaza enganou os compañeiros cando xogaban ás quedas.
 - Eles mentíronlles aos seus pais.
 - Subiron as escaleiras ás escuras.
 - Coñecín o teu pai o ano en que se celebraron os xogos olímpicos de Barcelona.
 - Os ladróns atacaron a xoiería e feriron o xoieiro.
 - Creo que chegan ás dez ou ás once.
 - Os berros molestaron os veciños, que presentaron unha denuncia.
- 7. A asociación entre a primeira e a segunda columna queda do seguinte xeito: ladrar – can; rinchar – cabalo; zunir – abella; miañar – gato; bradar – vaca; ornear – burro; bear – ovella; grallar – corvo e ruxir – león.
- 8. A asociación é: galiña – pito; porco – bacoriño; vaca – xato; ra – cágado; ovella – año; cabalo – poldro; cadela – cadelo; can – cadelo; lobeto é a cría do lobo, que debería figurar no cadro superior.
- 9. Os nomes de colectividade indícanse de seguido e, entre parénteses, o substantivo individual: enxame (abella), restrá (cebola), rabaño (ovella), rodada (pito), souto (castiñeiro), palleiro (palla), recua (besta) e manda (lobo).

- 10. A primeira oración complétase coa frase feita “a unha carreiriña dun can”; a segunda, con “é un can vello”; a terceira, con “saíulle a cadela can”; a cuarta, con “está sen un can” e a quinta, con “ten cara de can”.
- 12. As palabras son as seguintes: extremo, estranxeiro, estratexia, exclusivo, enxalzar, escavadora, farinxe, estrañamento, laxe, xastre, xordo, escusa.
- 13. As palabras son as seguintes: plantar, frecha, clasificar, flor, claridade, cumprir, pluma, obrigar, compracer, aprazar, global e fraco.
- 14. De seguido ten o texto acentuado:
 - Calzado axeitado: hai que elixir cos pés, non coa vista.

Deformidades dos ósos, calos ou dores nos nocellos son só algunhas consecuencias de empregar calzado non axeitado. O pé é unha das partes do noso corpo á que menos atención lle prestamos, pouco conscientes do papel que xoga na nosa saúde e benestar: transportánnos dun lugar a outro e aturan o noso peso durante boa parte do día, decote embutidos en calzado con tacóns excesivos ou puntas afiadas que co tempo poden provocar lesións irreparables. Trátase dun órgano moi especializado que cómpre coidar e mimar. E un calzado axeitado é o primeiro paso.

3.2 Unidade 2

Exercicios de comprensión do texto (páxina 29)

- 1. As definicións que para estas palabras nos ofrece o *Diccionario da Real Academia Galega* son as seguintes:
 - Alcume: nome que se lle dá a unha persoa, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias. No texto podería ser substituído polas voces “alias” ou “sobrenome”.
 - Ateigar: encher (algo) por completo, mesmo ata o exceso.
 - Fervenza: caída da auga desde certa altura causada por un brusco desnivel do terreo.
- 2. A palabra “califa” fai referencia ao título dos príncipes árabes que, como herdeiros de Mahoma, exerceron o mando no imperio. “Sultán”, pola súa banda, alude aos soberanos do imperio turco e de certos países árabes.
- 3. A palabra árabe *hakim* significa sabio (resposta B). O protagonista ten quince anos (resposta A). Abdel Ar Zufid foi gran califa de Bagdad (resposta B).
- 4. Algunhas das palabras do texto que exemplifican as afirmacións propostas son as seguintes:
 - O protagonista e narrador do texto, chamado Kahled vive no campo: “case todas as veces que vou cos rabaños”, “Agora mesmo estou nunha valgada por onde discorre calmo o Wada”.
 - Kahled diríxese a un rapaz galego: “ao teu pai (...) aquí todos lle chaman Al-Galego, non sei se cho terá dito, polo que presume do seu país”.
 - O pai deste rapaz galego é, posiblemente, arqueólogo: “o doutor, sempre ocupado coas súas pedras do monte”.

Exercicios do apartado análise de textos (páxina 37)

- 1. As descrições propostas pertencen aos tipos seguintes:
 - A: retrato porque nos proporciona trazos físicos (“xeitosa de corpo”, “feitiña de cara”) e psicolóxicos (“leda de xenio”, “limpa de conduta”, “picante nos dicires”).
 - B: prosopografía, dado que só indica trazos físicos (“corpachón ergueito, desgarbado”, “rizado o cabelo”, “ampla a fronte, abombada”).
 - C: caricatura porque nos ofrece os trazos do personaxe esaxerados e deformados (“o carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda”, “as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para abaixo”) usando un léxico asociado ao mundo animal.
 - D: etopea porque na descrición só aparece o aspecto psicolóxico do escritor (“progresista, combativo e renovador do pensamento”).
- 2. As características propias dos textos descritivos que atopamos no que estamos a comentar e algunhas das palabras e estruturas do texto que as exemplifican son as seguintes:
 - Abundancia de frases nominais e adxectivos: “casca gris”, “verde brillante”, “alternas e caducas”, “amentos colgantes”, “cúpula escamosa”.
 - Uso de verbos de estado en presente para realzar o predominio do estatismo e da atemporalidade: “ten”, “é”, “son”.
 - Abundancia de adverbios, preposicións e expresión locativas: “na cara exterior”, “no envés”, “rodeada por”, “na base”.
 - Enumeracións: “con lóbulos pouco marcados, con aurículas na base, verde brillante na cara exterior e glaucas no envés, alternas e caducas”.
 - Uso de tecnicismos: “lóbulo”, “aurículas”, “envés”, “amentos”, “sépalos”, “glande”, “pedúnculo”, etc.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 42)

- 1. O cume, a orixe, a peaxe, a ponte, a dor, o legume, a parálise, a calor, o dote, o cárcere, o traxe, o costume, o nariz, a énfase, a marxe, o labor, a arte, a meninxite.
- 2. Os femininos correspondentes ás palabras propostas son os seguintes: presidenta, curmá, xuíza, espadachina, doutora, sogra, alcaldesa, gata, elefanta, nora e emperatriz.
- 3. As formas correctas son: leis (o singular remata en ditongo e engade –s), cafés (palabra aguda rematada en vogal, engade –s), veráns (remata en –n e engade –s), proxectís (palabra polisílaba e aguda rematada en –l, engade –is), túneles (palabra grave rematada en –l e engade –es), álbums (remata en consoante distinta de –r, –z ou –s, engade –s), clubs (palabra rematada en consoante distinta de –r, –z ou –s, engade –s), papeis (palabra polisílaba aguda rematada en –el e muda o –l por –is).
- 4. Os plurais destes compostos son: gardas civís, camións cisterna, chuchameles, sofás cama, chaves inglesas, xirasoles, mediodías, galegofalantes.
- 5. Os substantivos derivados dos verbos propostos son os seguintes: crenza, lealdade, estrañeza, tenrura, validez, miudeza, solidariedade, perseveranza, dozura, mocidade, doenza, militancia.

- 6. As parellas de substantivos son as que se indican de seguido: illa – arquipélago, abella – enxame, carballo – carballeira, soldado – exército, castiñeiro - castiñeira (ou sou-to) e vela - velame.
- 7. Os xéneros opostos aos dos adxectivos ofrecidos son: núa, urbano, afgá, temperá, forte, cru e fisterrán.
- 8. Os adxectivos no número oposto son: útiles, infantil, viles, vilalbeses, xerais, marro- quís e cotián.
- 10. No texto temos cinco adxectivos: antiga (explicativo: indica unha calidade inheren- te ao substantivo e vai anteposto a el), lugués (especificativo: restrinxe a extensión do substantivo e vai posposto a el), valioso (explicativo: indica unha calidade inherente ao substantivo e vai anteposto a el), loura (especificativo: restrinxe a extensión do substan- tivo e vai posposto a el) e negros (explicativo: aínda que a súa posición é típica dun es- pecificativo, indica unha calidade inherente ao substantivo).

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 44-45)

- 5. Os diferentes significados do xénero nestas parellas de substantivos son os seguintes:
 - Diferenza de tamaño (menor / maior): río - ría; pote- pota, manto- manta, agro- agra.
 - Diferenza individual / colectivo: froito- froita, corno- corna.
 - Diferente localización: dedos (mans)- dedas (pés).
 - Diferente concepto: soldado- soldada; tello- tella; coitelo- coitela.
- 6. A diferenza de significado que produce nas catro parellas de substantivos propostos a presenza ou ausencia do morfema de plural é a que se indica de seguido:
 - Auga - augas: auga é un líquido incoloro e inodoro en estado puro; utilízase a pala- bra en plural cando este líquido, debido aos seus constituíntes, posúe propiedades curativas e, por extensión, lugar ou establecemento onde se poden beber estas augas ou bañarse un nelas.
 - Baño - baños: baño fai referencia á acción e efecto de bañar ou bañarse ou ao cuarto de aseo; a forma de plural alude ao lugar onde se poden tomar baños de carácter me- dicinal, isto é, a un balneario.
 - Miolo - miolos: o miolo é a parte interior dunha cousa; os miolos aluden á masa en- cefálica.
 - Tempo - tempo: tempo é un continuo uniforme, que se divide para medilo en inter- valos regulares naturais ou convencionais; tempos é unha referencia xenérica ao tempo que xa pasou.
- 7. De seguido ten os enunciados comparativos coa partícula ou partículas axeitadas a cada un:
 - A película foi menos divertida do que eu esperaba.
 - Eu son máis novo ca ti.
 - Hoxe quenta o sol máis ca/ que onte.
 - Aquel restaurante era tan caro como me dixeron.
 - Eu gaño menos soldo do que ti imaxinas.

- Ninguén é tan simpática coma/ como Neves.
 - Xurxo é menos serio do que vós pensades.
 - 10. A relación de adxectivos sinónimos é a que segue: lacónico– conciso; prolixo– extenso; mordaz– cáustico; elocuente– convincente; incomprendible– inintelixible; vulgar– prosaico e pomposo- ampuloso.
 - 11. De seguido aparece a letra que identifica cada frase feita co seu significado:
 - E: dicir cousas inapropiadas sen vir a conto.
 - C: Non ser de todo sincero.
 - A: Falar con claridade.
 - D: Criticar duramente.
 - B: Non dicir nada.
 - F: Falar sen fundamento, só por dicir algo.
 - 12. Das palabra graves que aparecen no exercicio levan acento as seguintes: mártir, débil, fórceps, alférez, túnel, tándem, tótem, clímax, tórax, carácter, inútil, móbil, Vítor, bíceps, López, líder e Estévez.
 - 13. A relación palabra galega e étimo latino ou francés é a seguinte: polbo – *polipu*, gravata – *cravat*, harmonía – *harmonia*, móbil – *mobile*, avogado – *advocatu*, marabilla – *mirabilia*, pneumático – *pneumaticu* e varrer - *varrere*.
14. As palabras do texto son: esaxeración, sumo, caxemira, cuxa, deixaba, seda, groso, esixente e obxectar.

3.3 Unidade 3

Exercicios de comprensión do texto (páxina 51)

- 1. As palabras do texto correspondentes ás definicións propostas son portuaria (A), manuscrito (B), almuerzo (C) e cunca (D).
- 2. O vocabulario relacionado coa literatura e acto de escribir que aparece está formado polas palabras que se relacionan de seguido: caderno, escritor, literatura, escribir, ficción, personaxes, ler, escritora, historia, escritores, literaria, obra e manuscrito.
- 3. As respostas ás preguntas que se formulan son as seguintes:
 - Como é a sala do hotel onde se sitúan os feitos? A sala é pequena e cun mobiliario pouco axeitado para o que debería ser un comedor, as mesas e os asentos son pequenos e baixos.
 - Por que sentou Natalie na mesma mesa onde estaba o protagonista? Natalie sentou na mesa do protagonista porque era a única na que había unha persoa soa.
 - Por que se sente intrigado o protagonista por Natalie? O protagonista séntese intrigado pola moza porque ela lle fala da súa nai, que era tamén escritora, e da razón que a leva a Lisboa, que é atopar respostas ao pasado da súa nai e un posible manuscrito.

- 4. O texto dinos do protagonista que ten acento galego en portugués, que traballou nunha oficina do porto, ocupación que abandonou para dedicarse a escribir e que amosa a súa curiosidade por outras persoas que escriben. Dela dinos que é unha muller nova (vinte e seis ou vinte e sete anos), que presenta un lixeiro acento francés e que traballa no departamento de literatura de Universidade de Nantes. Do seu aspecto físico sabemos que posúe faccións suaves, ollos claros e dicción agradable. Amosa un aire triste nalgúns momentos.

Exercicios de análise de textos (páxina 59)

- 1. Os trazos propios dos textos narrativos que observamos no texto son os seguintes:
 - Predominio da frase verbal e de verbos de acción, o que fai prevalecer o dinámico sobre o estático: “comezou a xogar”, “fichou”, “pasou”, etc.
 - Presenza dominante de tempos verbais perfectivos como o pretérito de indicativo para indicar acción rematadas que dan paso a outras: “naceu”, “comezou”, “fichou”, “pasou”, “recalou”, etc.
 - Presenza de adverbios e expresións temporais que marcan a progresión temporal no desenvolvemento dos feitos: “desde neno”, “no 1961”, “axiña”, “aínda”, etc.
 - Predominio das oracións breves e coordinadas, o que lle proporciona á narración un ritmo rápido: “Destacou axiña entre os seus compañeiros, e con tan só once anos fichou polo Hércules coruñés e de alí pasou ao Perseverancia”, “O club italiano aboou 25 millóns de pesetas da época polos seus servizos”.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 64)

- 1. A presenza ou ausencia de artigo nas estruturas sinaladas responde a valores diferentes. No primeiro caso (*O Antón*), a presenza do artigo determinado con nome de persoa expresa familiaridade. Na segunda estrutura (*un reloxo*), o artigo indeterminado presenta o substantivo como algo descoñecido. No terceiro (*o home*), o artigo determinado indica que o substantivo se usa como representante do conxunto de individuos dunha especie. Na última secuencia, o primeiro exemplo (*meu irmán*) presenta ausencia do artigo determinado ante posesivo con nome de parentesco (uso opcional) e, en cambio, na segunda estrutura (*a súa redacción*) temos a presenza do artigo determinado con posesivo nun uso obrigatorio.
- 2. De seguido ofrecemos reescritas estas oracións coas dúas posibilidades de representación nos casos nos que é posible:
 - Collín o libro para ler o (ou le-lo) derradeiro capítulo.
 - Estraguei a maqueta do avión pola túa culpa.
 - Por que non fas a (ou fa-la) cama todos os (ou tódolos) días?
 - Mercamos as entradas (ou mercámo-las) entradas nós os (ou nó-los) dous.
 - Onde está o noso periódico? Devolvédenos o (ou devolvédeno-lo) xornal xa.
- 3. Veño dun safari fotográfico polo continente africano. Alí tomei, cunha cámara profesional, estupendas imaxes de felinos. Sempre iamos tras as (ou tralas) súas pegadas. Os leóns impresionáronme máis ca os (ou cós) guepardos.

- 4. Os pronomes determinantes presentes no texto son os seguintes: moito (cuantificador indefinido), este (demostrativo), esta (demostrativo), túa (posesivo), outra (identificador confrontativo), calquera (identificador non-confrontativo), vinte e catro (cuantificador numeral cardinal), ese (demostrativo) e todos (cuantificador absoluto).
- 6. A escrita con letras dos numerais propostas queda como segue: cincocentos oito, dezanove, cento trinta e catro, mil trescentos vinte, vinte e sete e trinta e tres.
- 7. Unha posible resposta de reescrita das oracións propostas é a que segue (teña presente que existen outras posibilidades):
 - Os xogadores que gañaron recibiron un trofeo.
 - Esa é a rapaza da que eu estaba namorado.
 - Aquí están os anzois cos que eu pesquei aquelas troitas.
 - A lei cuxa aprobación está pendente é moi polémica.
 - Todos os que viron o accidente prestarán declaración.
 - O escritor cuxas ideas eu admiro gañou un premio literario.
- 8. De seguido ten reescritas estas secuencias correctamente:
 - Foron eles os que romperon eses vasos.
 - Estes debuxos teñen un estilo moi surrealista.
 - Pau Gasol fixo hoxe dezaseis puntos e onte trinta e un.
 - Xoán dixo que aprobaría pero eu non confío niso.
 - Ese corredor rematou o maratón no décimo terceiro posto.
 - Iremos ao cine calquera día destes.
 - El devolveume o meu libro cunhas notas na páxina corenta.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 66 e 67)

- 3. De seguido figuran as oracións propostas substituíndo as estruturas sinaladas por formas de posesivo:
 - Hoxe vai cear cos seus.
 - Nunca máis volveu ao seu.
 - Este carballo ha ter os seus 100 anos.
 - Non precisas andar facendo das túas.
 - Abandonou terras e casa de seu.
 - O inglés traducíao de seu.
- 4. Os xentilicios, organizados segundo a terminación á que corresponden, son os seguintes: chinés, romanés e noruegués; estadounidense e canadense; paquistaní, marroquí e iraquí; mozambicano, iraniano, caboverdiano e angolano; arxentino e ucraíno; brasileiro.
- 5. Abundancia, perseveranza, veciñanza, elegancia, vixilancia, lembranza, discrepancia, constancia, relevancia, finanza, circunstancia, puxanza, tolerancia, ensinanza, xuntanza.
- 6. De seguido aparecen as oracións nas que se realiza algunha contracción:

- Xoán comparte piso cuns amigos del.
 - Todos fuximos de alí tras a (ou trala) erupción do volcán.
 - Viaxaría con ela de boa gana noutras circunstancias.
 - Nalgures ten que haber alguén que saiba solucionar isto dalgunha forma.
 - Eu confiaba nela e, desde logo, non imaxinaba que fose capaz diso.
 - Coa experiencia que tes, deberías estar noutro posto mellor pagado.
 - Veñen doutros países máis afastados.
- 8. Os verbos que completan as oracións propostas son, en orde, os seguintes: alimentan, conserva, sostén, aseguraba, sustenta e continuou.
 - 9. As expresións galegas que substitúen as incorrectas propostas son as seguintes: A (vai muxir as galiñas), B (vir ao rego), C (dar na ferida), D (botar as contas da vella) e E (andar coa area no zoco).
 - 10. De seguido ten os significados destas parellas de palabras homófonas:
 - Valor: calidade de valente, o que non ten medo. Balor: mofo, fungo.
 - Vago: persoa á que non lle gusta traballar. Bago: uva.
 - Basta: pouco pulida, bruta. Vasta: moi extensa.
 - Botar: expulsar, facer saír algo ou alguén dun lugar; dar botes. Votar: dar un o voto ou a opinión.
 - Rebelar: revirarse contra a autoridade. Revelar: mostrar algo que está oculto.
 - Hule: tea vernizada impermeable. Ule: verbo ulir.
 - Hora: cada unha das vinte e catro partes iguais do día. Ora: conxunción.
 - Ha: verbo haber, interxección, onomatopea para representa o riso. A: artigo, preposición.
 - Habano: cigarro. Abano: utensilio que se usa para mover o aire.
 - Nabal: terreo sementado de nabos. Naval: relativo ás naves e á navegación.
 - 11. De seguido ten a lista completa das palabras propostas: prohibido, harmonía, hélice, histeria, exuberante, filharmónica, ombro, orfo, inchar, exhaustivo, aí, ermida, anhelos, helmo, irmán, coherente, exhibición, ovo.
 - 12. As palabras que completan as oracións do exercicio son as seguintes: raias, vermelhas, pallaso, faiado, oiamos, consello, allo, muller, praia, saia, abraiado, agasallo, maior, iate, ensaio, ioga, espello, iogur, cella, uruguaio, pararraios.

3.4 Unidade 4

Exercicios de comprensión do texto (páxina 73)

- 1. Posibles sinónimos das palabras que aparecen no texto son os seguintes: buga (automóvil, coche), cagado (asustado, cheo de medo), colega (amigo) e pavo (diñeiro, cartos).
- 2. Os significados das expresións do texto son:
 - Cantar baixiño, como para un mesmo: A.

- Facerse cun coche, rouballo: B.
 - Deixar atrás, abandonar: C.
 - Chamar a atención, ser o centro de atención: D.
 - Roubar: E.
- 3. A primeira afirmación é falsa (*Roubaron un R7 branco*), a segunda tamén o é (*José levaba unha gabardina*), a terceira é verdadeira e a cuarta, novamente falsa (*Os semáforos estaban en intermitente*).
 - 4. A estrutura do texto é a seguinte:
 - Introducción (liñas 1 a 23): presenta os protagonistas, algúns trazos do seu carácter e aspecto.
 - Nó (liñas 24 a 86): describe a situación, a selección do obxectivo e o roubo.
 - Desenlace (liñas 87 a 110): relata a consecución do seu obxectivo, o roubo do coche, e o proxecto de atraco ao quiosco.

Exercicios do apartado A lingua e os falantes (páxina 78)

- 2. De seguido ten indicado e xustificado o nivel de lingua ao que pertencen os textos propostos:
 - A: nivel vulgar porque presenta pobreza de recursos léxicos con uso de palabras comodín (*todoquisque*) e palabras malsoantes (*capullo, puto, cabrón ...*).
 - B: mestura dos niveis vulgar e popular. Do primeiro presenta vacilacións vocálicas (*puntuale, pagare*); do segundo, o uso do diminutivo con valor expresivo (*Eduardiño*), a presenza do pronome de solidariedade (*elle moi boa rapariga*), e os cambios de entoación en busca de expresividade (*¡Don Eduardiño!, ¡Ai! ...*).
 - C: nivel popular porque presenta expresividade con cambios de entoación (*¿Eu?; ¡téñolle boa gana!, ¿E que mellor?*); unha sintaxe sinxela con oracións breves, recursos retóricos como comparacións (*Estou como quero*) e paralelismo (*Non teño quen me rosme nin quen me estorbe*) e o uso de frases feitas (*¡Téñolle boa gana!*).
 - D: nivel culto dado que presenta un discurso fluído e continuo (todo o texto é un conxunto de oracións perfectamente encadeadas e estruturadas), riqueza léxica (*anacoreta, matos, purificadores, soidade*) e ausencia de palabras comodín e de vulgarismos.
 - E: nivel culto porque, igual ca no anterior, presenta un discurso fluído e continuo, precisión e riqueza léxica con presenza de sinónimos (*río, regato, canle*), de cultismos (*inmorrente*) e de voces abstractas (*loita*).
 - F: nivel popular porque detectamos o uso do diminutivo con valor expresivo (*Susiño*), expresividade con cambios de entoación (*¿E por que Dorinda non vén?*) e sintaxe sinxela con oracións breves (*Susiño ten cinco anos. Hai moitas cousas que non entende*).

Exercicios de análise de textos (páxina 81)

- 1. Os trazos propios dos textos expositivos que podemos observar no artigo obxecto de análise son os seguintes:

- Presenza de substantivos abstractos: *totalidade, vida, especie, dano, interacción, relación*, etc.
- Uso de oracións impersoais: “*denomínase parasitismo*”, etc.
- Uso do presente de indicativo: *é, pasa, estuda, producen*, etc.
- Presenza de oracións subordinadas adxectivas: “*un ser vivo que pasa unha parte ou a totalidade da súa vida*”, “*a expensas do cal se nutre*”, “*na cal o parasito é dependente*”, “*a ciencia que estuda os parasitos*”.
- Utilización de tecnicismos: *parasitismo, anisoespecífica, parasitoxía, microbioloxía, eucariotas, protozoos*, etc.
- Uso de parénteses para exemplificar ou aclarar: “(ás veces, de forma confusa, hós-pede)”, “(como os platelmintos, nematopodos, artrópodos...)”.

Exercicios de Estudo da lingua (páxina 86)

- 1. De seguido ten o texto do exercicio e, entre parénteses, a clasificación e función dos pronomes persoais presentes:
 - O meu avó sempre me (pronome átono: obxecto indirecto) chamou Cascuda. A min (pronome tónico; forma oblicua libre; obxecto indirecto) gustábame (pronome átono: obxecto indirecto), por máis que na escola me (pronome átono: obxecto indirecto) dixesen que as cascudas eran uns animalíños noxentos. Cando eu (pronome tónico: suxeito) llo (contracción dos pronomes átonos lle: obxecto indirecto + o: obxecto directo) contaba ao meu avó, nos seus ollos asomaban unhas faíscas burleiras, daba un estalo coa lingua e dicía: —Cascuda é unha criatura coma ti (pronome tónico: segundo termo da comparación), cun corpo miúdo pero moi espelida. A que na escola ti (pronome tónico: suxeito) es a máis aguda? Daquela eu (pronome tónico: suxeito) abría moito os meus ollos e respondía asentindo coa cabeza que el (pronome tónico: suxeito) volvía colmar de aloumiños.
- 2. De seguido aparecen reescritas as oracións propostas:
 - Visitará a catedral de Santiago connosco.
 - Esta decoración dálles un aire distinto.
 - O vento desfíxoo.
 - Agradecéronlles a súa axuda.
 - Calquera día destes van inaugurala (ou vana inaugurar).
 - Só nós sabemos toda a verdade.
 - Din que estiveron convosco.
 - Compreiche todos estes lapis de cores.
- 3. De seguido ten as oracións reescritas co pronome axeitado:
 - Recomendóche esta película.
 - Eu non che dixen iso.
 - Afástate do perigo.
 - Como te chamas?
 - Gústanche as lentellas?

- Nunca te abandonarei.
- Contareiche un segredo.
- 5. De seguido ten as oracións propostas e, entre parénteses, a indicación dos pronomes de solidariedade e interese presentes:
 - Haiche (pronome de solidariedade) moita fachenda por aquí.
 - Só queren que lles (pronome de interese) esteades calados.
 - Estivestes preocupados mentres o can vos (pronome de interese) estivo enfermo?
 - O meu fillo pequeno non che (pronome de solidariedade) me (pronome de interese) come nada.
 - Éche (pronome de solidariedade) ben agudo o teu compañeiro de clase.
 - Téñovos (pronome de solidariedade) moi mal xenio.
- 6. De seguido aparecen reescritas as oracións propostas:
 - Xa nos explicaron todo o problema.
 - Case me convencedes de cambiar o coche.
 - Cando che contaron iso?
 - Reunirémonos onde vos atoparon onte.
 - O detido declarouse inocente.
 - Ela confirmoume que te convidarán á festa.
 - Non che darei consellos nunca máis.
- 7. As secuencias quedarían como segue: *escribícheslla, enviáronllelo, mercoullos e levarémosllela*.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 88-89)

- 4. O feminino dos substantivos e adxectivos propostos é: *leoa, abusona, campioa, acusona, preguntona, zoupona, ladroa e anfitrioa*.
 - As palabras con sufixo *-on* con valor aumentativo e pexorativo ou despectivo fan o feminino en *-ona*.
 - As palabras con terminación *-on* que experimentaron a evolución propia das voces patrimoniais fan o feminino en *-oa*.
 - O feminino de *ladrón* pode ser *ladroa* e *ladra*.
- 5. De seguido ofrecemos o conxunto de verbo máis pronome nas estruturas indicadas: *tráea, construíuna, viunos, visitámolo, sabelo, éo, entregádelas, colléronas e líaa*s.
- 7. De seguido ofrecemos reescritas as oracións co pronome axeitado:
 - Quero que te ergas antes para entregarche o correo.
 - O demo te leve, que me tes farto!
 - Leváronche as prendas feitas.
 - Atopeite na verbena de agosto.
 - Ao chegar, xa non te vin.
 - Faleiche e non atendiches.

- Sopráronche o que tiñas que dicir.
- Botáronte da cancha por xogo perigoso.
- Túa nai teceuche un xersei de oitos.
- 9. O significado das frases feitas propostas é o seguinte:
 - *Botar lume polos ollos*: estar moi enfadado.
 - *Botar a chave*: pechar.
 - *Botar a lingua fóra*: estar esgotado.
 - *Botar a leña ao lume*: acirrar, insistir en complicar as cousas.
 - *Botar na cara*: recriminar.
 - *Botar para adiante*: ser moi decidido.
 - *Botarse a perder*: estragarse, tomar o camiño equivocado.
- 10. As palabras que completan as oracións propostas son: *infectar, sufraxio, conxuntura, afundir e coar*.
- 12. As palabras do exercicio son: *sarabia, abeleira, avoa, gravar, garavanzo, reben-tar, goberno, vimbio, trabe, ribeira, bisbarra, voitre, acivro, esvelto, avultar, gabián, vermello, automóbil, voda, marabilla, covarde, bafo, avogado, varrer, chuvasco, verni-zar e bolboreta*.

3.5 Unidade 5

Exercicios de comprensión do texto (páxina 95)

- 1. O significado das voces do texto é o seguinte:
 - Venabre: lanza curta.
 - Clareira: espazo, no medio do bosque, no que non hai árbores.
 - Visco: tipo de planta que usaban os druídas nas súas apócemas.
 - Guieiro: persoa que exerce como guía, que conduce e lidera ao resto.
 - Bardo: antigo poeta que cantaba as fazañas dos heroes.
- 2. A orde na que se suceden os feitos no texto é a seguinte:
 - O druída invocou os deuses e os antepasados (1).
 - Breogán, o tanaiste, chegou coa súa egua branca (2).
 - Os escravos despedazaron a egua sacrificada (3).
 - Breogán, deu tres voltas á “pedra dos reis” (4).
 - Houbo pelexas entre as tribos tras a morte de Brath (5).
- 3. De seguido, ofrecemos a resposta ás preguntas formuladas:
 - Os Gaedhil, os Leais ao Vento.
 - Na cerimonia do bosque, o druída invocou os deuses e actuou como organizador.
 - A confirmación foi celebrada cunha festa que durou moito tempo e na que comeron e beberon en abundancia.
 - Os primeiros anos foron duros porque houbo levantamentos e loitas entre as tribos.

Exercicios de análise de textos (páxina 105)

- 1. Neste texto argumentativo defende a tese da necesidade de defensa dos cines tradicionais ante o perigo da súa desaparición (dinos literalmente que “co cine pérdese algo moi noso”). Para defender esta idea utiliza tres argumentos: o perigo de desaparición das salas cines é inminente, como demostran as estatísticas; o cine proporciónanos lembranzas e emocións que nos marcan a nivel individual e tamén colectivamente; o cine é tamén un ritual do que gozar. Os trazos lingüísticos propios dos textos argumentativos que atopamos son os seguintes:
 - Abundancia de substantivos abstractos: lembranzas, memoria, emocións, entretemento, reflexións, imaxinación, etc.
 - Uso xeneralizado do presente de indicativo: consome, fornécense, marcan, parece, etc.
 - Uso frecuente de conectores: temporais (antes), opositivos (pero), aditivos (tamén), causais (porque) e conclusivos (en suma).
 - Períodos sintácticos longos: “O outro día foi a última proxección no cine Dúplex, en Ourense, antes o Yago, na compostelá rúa do Vilar e xa van alá varios anos desde que pecharon as súas portas o Malvar, o Victoria ou o Gónviz, en Pontevedra”.
 - Frecuentes enumeracións: “o Malvar, o Victoria ou o Gónviz...”, “O cine é entretemento, reflexión pero tamén un ritual”.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 110)

- 1. As formas verbais do exercicio presentan a seguinte estrutura:
 - *Gardarán*: Raíz: gard- VT: -a- MMT: -ra- MNP: -n.
 - *Varro*: Raíz: varr- VT: Ø MMT: Ø MNP: -o.
 - *Xogaban*: Raíz: xog- VT: -a- MMT: -ba- MNP: -n.
 - *Pasaredes*: Raíz: pas- VT: -a- MMT: -re- MNP: -des.
 - *Partisen*: Raíz: part- VT: -i- MMT: -se- MNP: -n.
 - *Atoparemos*: Raíz: atop- VT: -a- MMT: -re- MNP: -mos.
 - *Levarías*: Raíz: lev- VT: -a- MMT: -ría- MNP: -s.
 - *Busca*: Raíz: busc- VT: -a MMT: Ø MNP: Ø.
 - *Chamamos*: Raíz: cham- VT: -a- MMT: Ø MNP: -mos.
 - *Amo*: Raíz: am- VT: Ø MMT: Ø MNP: -o.
 - *Limpa*: Raíz: limp- VT: -a MMT: Ø MNP: Ø.
- 2. As formas verbais que se piden son: *combateron* (P6 pretérito de indicativo), *substitúa* (P3 presente de subxuntivo), *converteran* (P6 antepretérito de indicativo), *elixe* (P2 imperativo), *andamos* (P4 pretérito de indicativo), *traduza* (P3 presente de subxuntivo), *batín* (P1 pretérito de indicativo) e *naza* (P3 presente de subxuntivo).
- 3. As estruturas co verbo en subxuntivo son as seguintes:
 - Cómpre que conduzas con coidado.
 - Non creo que inflúas moito nel.
 - Oxalá constrúan aquí a nova piscina.

- Non creo que lle agradezas a súa axuda.
- Espero que non se derreta o xeo da Antártida.
- Deus queira que apareza aquí cos seus cans.
- Agardo que me ofrezas máis opcións.
- 5. As formas de presente de indicativo dos verbos indicados son as seguintes: consegue, feren, suxiren, serve, dorme, loce, menten e mide.
- 6. Os usos particulares das formas verbais nestas oracións son os seguintes:
 - Cada día ten vinte e catro horas: presente intemporal.
 - Rosalía publica *Cantares gallegos* en 1863: presente histórico.
 - Irás á casa de teu avó mañá mesmo: futuro de obrigatoriedade.
 - Supoño que meu pai estará xa de volta: futuro de probabilidade.
 - Na miña casa ceamos a iso das nove: presente habitual.
 - Tras a batalla de Ponte Sampaio, os franceses marcharán de Galicia: futuro histórico.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 112-113)

- 3. As formas de infinitivo solicitadas son as seguintes: *interromper, transcorrer, corri-xir, derreter, concorrer, debater, recorrer, inverter, requirir, converter, render, dis-correr, combater, rebater, dicir e concibir*.
- 4. As formas verbais que completan as oracións son: *sente, sobe, inclúa, pareza, produciu e segues*.
- 6. As palabras correctas para completar as oracións indicadas son: *infallible, crédito (ou creto), melómano, rumor, recensión e investir*.
- 7. As voces galegas correctas correspondentes aos estranxeirismos indicados son: *do-paxe, atordado, anuncio, vestíbulo, hamburguesa, asalto, conmoción, calzón, vaquei-ros e aparcadoiro*.
- 9. De seguido aparecen os préstamos que deben levar acento: *obús, superávit, clímax, béisbol, déficit, réquiem, chándal, tabú, párkinson, accésit e popurrí*.
- 11. As formas correctas son: *ameaza, perdoar, abandonar, entoación, condenar, pri-sioneiro, consoante, frear, moeda, cadea, persoa, razoar, area e ordenar*.

3.6 Unidade 6

Exercicios de comprensión do texto (páxina 119)

- 1. Unha posible definición das palabras solicitadas é a seguinte:
 - Milicia: corpo armado e organizado, suxeito á disciplina militar.
 - Ventoeira: golpe de vento forte e de pouca duración.
 - Disensión: falta de acordo nas ideas ou opinións entre dúas persoas.
 - Parricida: persoa que matou os ascendentes, descendentes ou o cónxuxe.

- Cando fala dos “podentes” refírese a un grupo de nobres importantes que apoiaron o rei don Sancho. (“*Señor, moitos podentes de Galiza xuraron a Don Sancho como rei*”). Cando se refire aos “medianos” fala dun grupo de fidalgos (baixa nobreza) entre os que se inclúe o propio Lopo Airas (“*pero moitos medianos coma min nembramos outra xura que fixemos*”).
- 2. Algunhas das palabras do texto coas que busca imitar a lingua medieval son: “idos”, “nembrar”, “louvo”, etc; como exemplos de expresións pódense mencionar: “*Moito me praxe vervos*”, “*Que bon vento vos trae?*”, “*pro que fordes servido*”.
- 3. Algunhas das expresións do texto que xustifican as afirmacións propostas son as seguintes:
 - Lopo Airas era un vello amigo do rei Don García: “*moito me praxe vervos, meu amigo*”, “*Amigo, sei...*”.
 - Don García está no desterro: “*Diredes que tardei en acordar, pois non me viñen desterrar convosco*”.
 - Algúns homes de Don García non acolleron positivamente as palabras de Lopo Airas: “*O rei sorría con benevolencia, e algúns outros presentes con malicia*”.
 - O rei Don Sancho apoderárase do reino de Galicia: “*Agora Sancho xa estará contento, pois é rei dos tres reinos*” e “*como sería agora que xa se apoderou do voso reino?*”.

Exercicios de análise de textos (páxina 127)

- 1. É un texto instrutivo director porque ofrece pautas e consellos para non correr riscos no traballo e busca influír e orientar o comportamento do lector. Os trazos propios dos textos instrutivos que atopamos no exemplo proposto son:
 - Verbos en imperativo: *verifique, mantéñaas, substitúa*, etc.
 - Verbos en futuro: *estarán, utilizaranse, seguiranse, revisaranse, evitarase*, etc.
 - Conectores que axudan a marcar orde: *antes de, durante*, etc.
 - Oracións impersoais: “*prohíbese colocar ferramentas*”.
 - Sintaxe breve e sinxela, con uso de oracións simples: “*Mantéñaas en bo estado*”, “*Durante o seu uso estarán libres de graxas, aceites e outras substancias esvaradías*”, etc.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 132)

- 1. No texto atopamos dúas formas verbais regulares: *pensaban* e *aturar*. Son regulares porque a raíz permanece invariable en toda a conxugación. O resto dos verbos son irregulares e caracterízanse precisamente pola presenza de raíces diferentes. É o caso de: *dera* (d-ou, da-ba), *foran* (son, fu-ches, fo-i, era-des), *era* (ser-ei, é, fo-ra), *tiñan* (teñ-o, tiv-e-n, t-e-n), *estaban* (estiv-e-n, este-a, est-a-ba), *ía* (vo-u, va-s, va-i-a, for-a, fo-i), *fixera* (fag-o, fix-e-ra, fa-s, fac-e-mos) e *sabían* (sei, sab-e-s, sai-ba, soub-o).
- 2. As formas verbais solicitadas son: *haberá, iamos, viu, quixeches, puiden, dei, pos, sexa, caiba e soubese*.
- 3. A estrutura morfolóxica das formas verbais é a seguinte:

- *Forades*: Raíz: fo-. VT: Ø. MMT: -ra-. MNP: -des.
 - *Viñeches*: Raíz: viñ-. VT: -E-. MMT: Ø. MNP: -ches.
 - *Puxesen*. Raíz: pux-. VT: -E-. MMT: -se-. MNP: -n.
 - *Fagas*. Raíz: fag-. VT: Ø. MMT: -a-. MNP: -s.
 - *Couberon*. Raíz: coub-. VT: -E-. MMT: Ø. MNP: -ron.
- 4. As oracións propostas utilizando o infinitivo conxugado quedan como segue:
 - *Berreilles por subiren sós no ascensor*.
 - *Tes que axudar algo máis aos teus pais* (non é posible a transformación).
 - *Sentinvos cantar ben entrada a noite* (non é posible a transformación).
 - *De continuardes así, chegaredes os primeiros*.
 - 5. As formas de participio que completan as oracións son: *resolvido, tortos, calmado, canso, pagado e farta*.
 - 6. Nas oracións atopamos as perífrases que se indican de seguido:
 - *Imos pasear*: temporal de futuridade (acción próxima).
 - *Debe andar*: modal de probabilidade (posibilidade).
 - *Acaba de entrar*: temporal de anterioridade (acción concluída).
 - *Leva estudando*: aspectual imperfectiva (proceso en desenvolvemento).
 - *Tiña oído*: aspectual reiterativa (repetición).
 - *Tivo que traballar*: modal de obrigación (obrigatoriedade).

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 134-135)

- 5. As oracións transformadas co uso do infinitivo conxugado son as seguintes:
 - De seres un bo amigo, axudaría-me cando teño problemas.
 - De non vendermos a colección de selos, non teremos nin para comer.
 - Non é conveniente estardes tan preto do televisor.
 - De non seren os seus libros tan entretidos, non terían éxito.
 - Non estaría mal colleres o primeiro tren para Lugo.
 - De non te presentares alí puntualmente, marcharán sen agardarte.
 - Despois de volveren das vacacións, xa falaremos con eles.
 - De irmos a mañá a Ferrol, pasaríamos por Pontedeume.
- 6. As perífrases verbais que poden substituír as partes subliñadas son: *hei facer, quere chover, deron reunido, volveu gañar, será traducido e debemos entregar*.
- 7. Os sinónimos na orde na que aparecen son: *picar, atallar, amputar, acurtar, interromper e censurar*.
- 8. De seguido ten as series de palabras con significados similares:
 - Breve, conciso, lacónico.
 - Tácito, secreto, implícito.
 - Esmorga, xolda, troula.

- Alentar, estimular, animar.
 - Desfeita, estrago, dano.
 - Arredar, afastar, apartar.
 - Fornecer, proporcionar, subministrar.
 - Receso, pausa, descanso.
- 9. As expresións galegas que debemos usar en lugar das incorrectas son:
 - A: Fuxir da cinza para caer nas brasas.
 - B: Andar nas patacas.
 - C: O que ardeu, queimouse.
 - D: Ser quen corta o bacallau.
 - E: Fanas os cochos e págnas os bacoriños.
 - F: Non facer cousa con cousa.
 - 11. As palabras do exercicio son: *sanguíneo, antigüidade, argüír, monolingüe, albergue, pingüín, ambigüidade, guitarra, guerreiro, lingüística, pingüe e guiso.*

3.7 Unidade 7

Exercicios de comprensión do texto (páxina 141)

- 1. Unha posible definición das palabras do texto é a seguinte:
 - *Tanxencial*: aplicado a unha idea ou problema quere dicir que só se refire a algo de forma parcial ou non significativa.
 - *Efémero*: dise do que pasa rápido, que é de curta duración.
 - *Teimudo*: aquel que persiste nas súas ideas ou actitudes, mesmo ante a evidencia de estar equivocado ou obrando mal.
 - *Paradoxo*: expresión ou cousa que vai en contra da lóxica ou do sentido común, contradición aparente.
- 2. A información que nos proporciona o texto sobre estas tres figuras é a seguinte:
 - Pascual Veiga: foi un músico mindoniense; recibiu o poema «Os pinos» de Pondal; promoveu un concurso para premiar a mellor partitura para este poema; finalmente púxolle música el mesmo; esta composición converteríase no himno de Galicia. Morreu en 1906 e, un ano despois, na súa honra, fíxose a homenaxe no Teatro Nacional do Centro Galego da Habana onde foi interpretado o himno.
 - Eduardo Pondal: foi un poeta de Ponteceso; desde esta vila remitiulle a Pascual Veiga o poema “Os pinos”, que constitúe a letra do noso himno.
 - Fontenla Leal: este ferrolán, bibliotecario do Centro Galego da Habana, foi impulsor do himno composto por Veiga e Pondal. Solicitou a súa adopción como himno da institución na que traballaba e fomentou o seu espallamento posterior.
- 3. A cronoloxía dos feitos que ofrece o texto é:

- 1889: Pascual Veiga logra a medalla de ouro na Exposición Internacional de París, e isto anima a propoñer a creación do concurso para poñerlle música ao poema «Os pinos» de Pondal.
- 1890 (agosto): o Concello da Coruña, a instancias de Pascual Veiga, organiza un concurso para poñerlle música a «Os pinos». Inicialmente gaña a partitura de Iván Gotós.
- Entre 1890 e 1906: Pascual Veiga crea a súa propia partitura para o texto de Pondal e interpreta esta peza en varias ocasións.
- 1906: falece Pascual Veiga.
- 1907 (Nadal): o himno é interpretado no Teatro Nacional do Centro Galego da Habana nunha homenaxe a Pascual Veiga.
- 1913: o himno comeza a ser interpretado en Galicia de forma habitual.

Exercicios de análise de textos (páxina 149)

- 1. Os trazos propios do texto dialogado que atopamos son:
 - Pronomes e verbos en 1ª e 2ª persoa: “*anda, Pimpinela*”, “*reparas*”, “*te*”, “*che*”, “*túa nai*”, etc.
 - Oracións curtas e simples: “*Anda, Pimpinela. Anda miña variña de abelao!*”, “*¡Fai-lle caso a túa nai, Pimpinela!*”.
 - Vocabulario coloquial: “*cuspe*”, “*feita un esterco*”, “*mirrada de frío*”, “*chuchada de fame*”.
 - Signos ortográficos que dan conta de diferentes entoacións: “*¡Anda, Pimpinela!*”, “*¿Non reparas... con ese cuspe?*”, etc.

Exercicios de estudo da lingua (Páxina 154)

- 1. Os adverbios que cómpren son: *daquela* (adverbio de tempo); *amodo* (adverbio de modo); *abofé* (adverbio de afirmación); *axiña* (adverbio de tempo); *asemade* (adverbio de modo); *seica* (adverbio de dúbida); *velaí* (adverbio de lugar); *arestora* (adverbio de tempo).
- 2. A: ao chou. B: de balde. C: se cadra. D: á mantenta. E: a tempo. F: de súpeto. G: en balde. H: ao xeito.
- 5. De seguido ten as oracións propostas co valor da partícula solicitada:
 - Debes facer o exercicio así (adverbio de modo).
 - Non o perdoarei, así (conxunción subordinante concesiva) te axeonlles ante min.
 - Remataches?, *daquela* (conxunción subordinante consecutiva) xa podes marchar.
 - Conta o avó que *daquela* (adverbio de tempo) non había avións.
 - O teu fillo sempre se porta ben (adverbio modo).
 - Avisareino, ben por teléfono, ben (conxunción coordinante disxuntiva) por correo electrónico.
 - Temos fame mais (conxunción coordinante adversativa) agardaremos por eles para xantar.

- Necesito máis (adverbio de cantidade) tempo para rematar o traballo.

Exercicios de competencia lingüística (páxina 156)

- 3. De seguido aparecen as oracións coas preposicións axeitadas:
 - Os seus avances científicos tratan sobre o tratamento do cancro.
 - Se saímos agora deica a estación non hai tanto treito.
 - Agardamos ata que veñan.
 - Estaban os lapis ciscados encol do pupitre.
 - Esa actriz prefire falar sobre cine e non acerca da súa vida privada.
 - María Callas actuou moitas veces encol deste escenario.
 - Deica mañá non terás o informe encol da mesa.
 - Non sei ata onde queres ir.
 - Deica Vigo pola autoestrada son 90 km.
 - Marcho e non nos veremos deica luns.
- 6. As locucións conxuntivas presentes son as seguintes:
 - *Tanto estudou que acabou medio tolo*: Tanto ... que: conxunción consecutiva.
 - *Hoxe non choveu tanto como prognosticaran*: Tanto como: conxunción comparativa.
 - *Eu estaba tan canso que fun para a cama*: Tan ... que: conxunción consecutiva.
 - *Gasta tanto que xa se arruinou*: Tanto ... que: conxunción consecutiva.
 - *Efectivamente, eles viven tan lonxe como dicías*: Tan ... como: conxunción comparativa.
- 9. De seguido indicamos a palabra sobrante en cada serie:
 - *Rexo*: ten o significado de ‘forte ou vigoroso’ e as demais palabras fan referencia a aquel ‘que non ten medo’.
 - *Fitar*: ten o sentido ‘mirar fixamente’, mentres que as demais significan ‘ver algo ao lonxe, sen distinguilo ben’.
 - *Homicidio*: significa ‘feito de matar unha persoa’, mentres que as outras palabras desta serie son sinónimos de morte (‘fin da vida’).
 - *Piruetas*: esta voz refírese a un ‘salto acrobático consistente nun o varios xiros no aire’; en troques, as outras voces falan dun salto en sentido xenérico, ‘movemento brusco mediante o que, por un instante, se levanta o corpo do chan’.
 - *Ponderar*: ten o significado de ‘medir ou examinar de forma atenta algo para determinar o valor das súas vantaxes, inconvenientes...’; as demais voces son sinónimo de “eloxiar”.
 - *Estarricar*: significa ‘estirar algo’ e todas as demais teñen en común o significado ‘dar algo ao coñecemento dun gran número de xente’.
- 10. As palabras son: *conxugal, raio ou raxo, baioneta, parella, boia, iate, palla, ensaiar, escaiola, pallaso, saia, callado, baralla, burbulla, praia, partilla, pelexa, faiado*.

- 11. As palabras son: *hélice, oso, velaí, harmónica, baía, helmo, arpón, orfo, Helena, ermida, furacán, óso, arpa, úmero, irmán, ombro, formigón, tafur, inchar, Henrique.*

3.8 Unidade 8

Exercicios 1, 2, 3 e 4 da Análise de textos (páxina 179).

- Exercicio 1
 - Resumo: o poeta busca o brillo na beleza poética para que, á súa morte, se garde memoria non de quen el foi, senón da nai que o fixo, e así ela permanecerá na gloria que salva do olvido tras da morte.
 - Estrutura: nas dúas primeiras estrofas, o poeta esfórzase nestes versos para conservar a memoria da nai. Nas dúas últimas, explica como a gloria ten o efecto de rescatar do olvido.
 - Contido: o desexo de que a memoria nos sobreviva.
 - Forma: 14 versos hendecasílabos distribuídos en dous serventesios e dous tercetos, isto é, un soneto. Recursos: personificación en v. 1: “*a morte pálida me apañe*”, atribuíndo á morte a capacidade de agarrar; metáfora no v. 6: “*a cinza, a corrupción e o lodo*”, referíndose aos efectos físicos e morais da morte. Personificación en v. 7-8: “*aquele setembro/ acabase pra sempre xa con todo*”, polo que a data da morte queda tan animada coma a propia morte antes. Esta acumulación de personificacións contribúe a recrear un contexto heroico no que o home mortal se sobrepón ao ataque despiadado de entidades sobrehumanas que o aniquilan, ao estilo dos heroes clásicos.
- Exercicio 2.
 - Texto narrativo: o autor relata a chegada dun personaxe a unha habitación. É un texto no que se usa como medio expresivo a prosa e no que se utiliza a funcións referencial (información) e poética (beleza formal). Tipo de narrador: omnisciente: usa a 3ª persoa pero coñece feitos non evidentes (“*A confianza que adquiriran...*”), en concreto os de Eva Braun (narrador tamén chamado “foco de conciencia”). Posibles variacións: 1ª persoa como Speer: “*Petei na porta de Eva Braun...*”, ou como Eva Braun “*O Speer, longo e máis delgado que nunca, petou na miña porta*”. 2ª Persoa: “*Ti, Speer, longo e máis delgado que nunca, petaches na miña porta...*”, etc.
 - Pasaxes narrativas:
 - “O Speer (...) petou na porta de Eva Braun”.
 - “Non era casual que alguén tocara na porta de Eva Braun á tardiña. As reunións coa corte, da que el por suposto formaba parte, acostumaban ser despois da cea e, ás veces, ata ben entrada a noite.”
 - “A confianza que adquiriran no trato de tantas noites de tertulia permitíanlle charlalle polo nome de pía.”
 - Diálogos:
 - “-Ola, ¿podo pasar?”
 - “-Por suposto, Albert.-“
 - Pasaxes descritivas:
 - “Longo e máis delgado ca nunca”.
 - “Albert Speer pasou coma pisando ovos. Tan delicado, sempre. Tan galante.”

- Exercício 3: resposta aberta.
- Exercício 4.
 - Texto dramático, pois presenta acoutamentos “(Unha prazola de Toledo...)”, “(Celestina furga nas zurrapas...)”, “(Ollanado cara ao arco.)” e tamén diálogos, nesta caso entre Celestina e Melibea.
 - Transformación en texto narrativo: “Unha noite de verán e de lúa no século XV, nunha praza de Toledo, baixo os soportais da casa de Melibea, a rapaza mantiña entre besbellos unha conversa coa alcaiota Celestina, e preguntáballe cal era o regalo que lle traía. “Un colar”, respondeu a vella. Unha vez examinado, Melibea refungou porque os corais son barateiros, pero pasou a preguntar que se supón que ofrecía ela, ao que Celestina respondeu que o que unha muller adoita ofrecer a cambio.”
 - Elementos da representación. Actores: representantes de Celestina e Melibea. Decorado: praza como se describe no acoutamento. Iluminación: de noite, que reflecta o luar. Son: grilos e ruído de pasos. Vestiario: o propio do XV para unha rapaza de boa familia e unha vella pobre. Maquillaxe: propia de muller do XV, esaxerando os trazos para que se vexa dende o público.

Exercicios da Síntese e avaliación (páxina 182-183).

- Exercício 1.

Resposta posible: “Adiós ríos, adiós fontes”, de Rosalía de Castro. Emisor: Rosalía de Castro. Receptor: calquera lector de calquera momento. Mensaxe: dolorosa despedida dun home que se vai á emigración. Canle: papel impreso. Código: lingua galega, literaria e en verso. Contexto: a Galicia rural do último terzo do XIX.

- Exercício 2.

- Poema anónimo; 8a 8b, 8a, 8b; versos octosílabos con rima arromanzada (rimando os pares en asonante e os impares en consonante): é unha cuarteta. Tema: xogo entre cuñados recentes.
- Lírica popular, poema anónimo: metros curtos (octosílabo), rima asonante (nova/sogra) e consoante (digas/digas). Anónimo. Tema costumista.
- Poema de Xoán Manuel Pintos: soneto composto por 14 versos hendecasilabos, distribuídos en dous cuartetos (11A, 11B, 11B, !!a/ 11A, 11B, 11B, 11A) e dous tercetos encadeados (11C, 11D, 11C / 11D, 11C, 11D). Tema: o autor chama a Galicia a defender os seus fillos por riba dos alleos. Lírica culta: versos de arte maior (hendecasilabos). Autor coñecido (Xoán Manuel Pintos). Variedade de recursos estilísticos: metáfora, v. 1 (Galicia como “boi de palla”; v. 13 “Madrastra de insensatos”), personificacións (v. 5 “No lombo teu zorrega...”; v. 9 “E agarima alleeira a eses ingratos”), hipérbato (v. 12, “Se o sangue teu refugas...”).

- Exercício 3.

Resposta aberta.

- Exercício 4.

Resposta posible: relato “O pai de Migueliño”. Personaxes: todos son planos, e hainos principal (Migueliño) e secundarios (a nai, os pais posibles, o pai verdadeiro).

- Exercício 5.

Subxéneros teatrais musicais: ópera, zarzuela e opereta. Funcións principais do periodismo: informar, formar e entreter. Dous subxéneros xornalísticos de opinión: editorial e artigo de opinión. Función da linguaxe que predomina na oratoria: función conativa. Os textos históricos narran en xeral sucesos reais, ou relativos á vida dun persoeiro.

- Exercicio 6.
 - A) Xénero: didáctica. Subxénero: ensaio. Xustificación: a autora expón a súa concepción sobre o ser musical.
 - B) Xénero: historia. Subxénero: crónica. Xustificación: dá conta en detalle de sucesos reais non recentes.
 - C) Xénero: oratoria. Subxénero: académica. Xustificación: discurso pronunciado por Neira Vilas no seu ingreso na RAG.

3.9 Unidade 9

Exercicios do apartado Análise do contido (páxina 187, exercicios 1, 2, 3 e 4)

- Exercicio 1.
 - *Compendio*: recompilación.
 - *Prestixio*: sona, fama.
 - *Entolecer*: louquear, tolear.
- Exercicio 2.
 - *Xograr*: personaxe de orixe popular que interpretaba e mesmo compoñía cantigas, que acompañaba dalgún instrumento musical en prazas públicas ou en reunións sociais. Aceptaba esmolos e pagos polas súas actuacións.
 - *Trobador*: nobre que compoñía e interpretaba cancións acompañado de músicos (*menestreis*) e facíao por amor á arte, non cobraba.
 - *Segrel*: nobre de poucos recursos que interpreta ou mesmo compón cantigas, pero si cobra pola súa actuación.
 - *Soldadeira*: muller que cobraba polas súas actuacións como animadora (xeralmente bailando).
- Exercicio 3.
 - A: DI.
 - B: DE.
 - C: DI.
 - D: ND.
 - E: DI.

Exercicio 1 do apartado Análise de textos (páxina 193).

- Exercicio 1.
 - Falamos da cantiga de amigo.
 - Destinadas a un público socialmente elevado.
 - Orixe popular.
 - Presenta xogos formais de repetición: paralelismo, asonancia, refrán...
 - Expressa os sentimentos dunha moza namorada, hai presenza da nai, da natureza...

A orixe popular está relacionada coa tese folclórica.

Actividades 1 á 4 do apartado Síntese e avaliación (páx. 202-203).

- Exercicio 1.
 - Ata a Baixa Idade Media...: B.
 - No século XV producíronse...: A.
 - O “Foro do Burgo...”: A.
 - A través do camiño de Santiago...: B.
- Exercicio 2.
 - Pedro Amigo de Sevilla, Xoán de Requeixo, Meendinho, Don Denís, Pero da Ponte, Pero Meogo, Martin Codax, Paio Gomes Charinho, Bernal de Bonaval, Xoán Airas, Xoán de Cangas, Fernando esquiú, Nuno Torneol, Airas Nunes, Xoán Bolseiro.
- Exercicio 3.
 - A: Tipo: cantiga de escarnio e maldicir; xustificación: Afonso X mófase dos cabaleiros que o abandonaron na batalla por medo.
 - B: Tipo: cantiga de amor. Xustificación: fala un cabaleiro que menciona a súa “senhor”, o amor que sente por ela e a coita que sofre.
 - C: Tipo: cantiga de amigo. Xustificación: a voz poética é a dunha rapaza, e como marcas de xénero aparece a palabra “amigo”, está a presenza doutras rapazas, o escenario é natural (marítimo, logo é barbarola), etc.
- Exercicio 4.

O campo semántico predominante é a frustración amorosa por abandono do amado: “sanhuda estou”, “afeito me ten ja por sandia”, “que el non ven”.

3.10 Unidade 10

Actividades 1, 3 e 4 do apartado Análise de textos (páxinas 214-215)

- Exercicio 1.
 - A) Coita de amor: “*gran coita*”, “*choran*”, “*cegan*”.
 - B) Loanza da dama: (beleza física) “*fremosa*”, “*fremoso parecer*”, “*melhor doair e*”, “*melhor talhada*” e (beleza moral) “*fremoso falar*”, “*mansa*”.
 - C) Amor do poeta: “*tan miuto vos am’eu*”, “*nunca tant’amou*”.
 - D) Discreción da dama: “*d’alongar*”, “*quitar*”, “*espedir*”, “*nunca mais viir*”.
- Exercicio 3.
 - Tema: o poeta desexa desquitarse do desdén recibido.
 - Comparación cos códigos amorosos: o poeta sufriu tanto que desexa romper coa servidume debida á dama, mais non o consegue.
 - Campos sémicos dominantes: Reserva da dama: “*desamar*”, “*mal buscou*”, “*m’enganou*”, “*nunca desejou*”, “*en min non cuidou*”. Coita de amor: “*Coita*”, “*non dormio*”, “*lazer*”.
 - Mordobre: versos 1-2, 3-4 de cada cobra (“*desamar-desamou...*”). Dobre: versos 6 e 7 de cada cobra. Verso 5 de cada cobra (“*eu*” e verso 3 e 4 (“*mal*”). Cobras capde-nais (repetición do comezo: (“*a quen*”).
- Exercicio 4.

Resposta aberta.

Exercicios 1, 2 e 3 da Síntese de avaliación (páxina 224)

- Exercicio 1.
 - *Cantiga de amor* (incorrecta): A influencia vén da lírica provenzal.
 - *No amor cortés... O home* (correcta).
 - *Nas cantigas o amor vese...* (correcta).
 - *A cantiga de amor adoita ter...* (incorrecta): aparecen moitos provenzalismos (*gréu, cor, prez...*).
 - *O grao máis elevado de aproximación...* (incorrecta): nas nosas cantigas o grao máis elevado é o de entendedor.
- Exercicio 2.
 - Reserva da dama: desampar, leixar morrer.
 - Amor do poeta: amar muito, querer ben.
 - Loanza da dama: bon parecer, mesurada.
 - Coita de amor: lazerar, sandecer...
- Exercicio 3.
 - Por exemplo, como cantiga de refrán “*A mia senhor, que eu sei muit’amar...*”, de Xoán Airas; o refrán, “*ca nunca vi molher mais sen amor*”.
 - Cantiga de mestría: “*Que miu de grado eu quería fazer*”, de pai Gómez Charinho. É de mestría porque non ten refrán.

Actividades 1 e 2 do apartado Análise de textos (páxina 220)

- Exercicio 1.
 - A: sátira literaria contra Pero d’Ambroa.
 - B: sátira persoal contra Orraca Lopes, a quen Afonso Eanes tila de vella.
 - Outras sátiras literarias: “*Roi queimado morreu con amor...*” (Pero Garcia Burgalés). Sátira Persoal: “*Don Fernando, pero mi mal digades...*” (Pero Garcia Burgalés)...
- Exercicio 2.
 - O tema que trata Don Denis é unha sátira contra o estilo provenzal, no que os autores cantan dun modo artificioso a unha utópica primavera. O rei opina que o amor de tales cantos é tan pouco sincero coma o resto das palabras. Pola contra, tamén eloxia o estilo provenzal en canto á súa técnica literaria. Pero finalmente valora por riba de todo a sinceridade.
 - Canto á forma, é de mestría, pois non ten refrán. Son cobras *unisonans* (-ar,-or,-or-, -on, -on, ás) enlazadas polo procedemento de cobras *capcaudadas* (levar- loar, paralegrar)

Exercicios 5 e 6 da Síntese de avaliación (páxina 225)

- Exercicio 5.
 - É unha cantiga de escarnio, pois o autor finxe louvar a beleza dunha dama... só que ela é fea. Esta *ironía* desenvólvea nos tres primeiros versos, mentres que *parodia a cantiga de amor* se realiza nos catro primeiros versos. A *sátira* avanza dende o verso 5 ata o final. Nos versos 11 e 12 entra no campo semántico da obscenidade.
- Exercicio 6.
 - Versión: “Martin Moxa, que eu perda a miña alma por foder se vós tedes pecados ou ides facendo fillos. Pero pecado é a herba que comestes, que vos mantén con vida

aínda que sodes case tan vello coma Adán e Eva.” (...) “Que non vos preocupen as críticas da xente necia, nin sintades reparo, pero decideme, por Deus, cando naces-tes? Foi antes do tempo en que Deus se encarnou en María?”

3.11 Unidade 11

Actividades 1 e 2 (páxinas 240-241)

- Exercicio 1.
 - Estrutura da pastorela: encontro (versos 1 ao 6), diálogo (versos 7 ao 30), aceptación da pastora (versos 31 ao 36).
 - Trazos da cantiga de amor: léxico; “nunca vi tan bela”, “Fermosa poncela”, “Ben razoada”. Dobre: “vos” (versos 8 e 9); “vos” (versos 13, 14 e 15); “vos” (versos 26 e 29). Mordobre: “pastor/pastorela” (vv. 2 e 6). “filharia/filhasse” (vv. 15 e 17), “diría/dizesse” /vv. 19 e 20), “sodes/seja” (vv. 28 e 29)
 - Trazos da cantiga de amigo: Léxico: “romaría”; localización espacial: “en Compostela”; agasallos ofrecidos: “toucas d’estela”, “cintas de Rocamador”, “pano per gone-la”.
- Exercicio 2.
 - É unha tenzón entre o trobador Xoán García de Guilhade e o xograr Lourenço, na que o primeiro critica o segundo por atreverse a trobar.
 - Son cobras singulares con estrutura 10a,10b,10a,10c,10c,10a/10a, etc.
 - Resumo: XG: Lourenço, antes tocabas e agora cantas, e non sei que fas peor. L: eu fágoo ben, mal que che pese. XG: non quero censurarte, pero digo que non o fas ben. L: mellor que vos fixedes na vosa arte. XG: Xa me enfadei e vouche dar co citolón na cabeza. L: eu estou dicindo a verdade, e vós facede o que queirades.
 - Tema central: os trobadores adoitaban criticar a arte xograresca. Palabras textuais: “Deus me confonda se oj’eu sei destes mesteres qual fazes melhor”, “ess’ é que foi cos lobos arar”, ...
 - Situacións do diálogo: “diren”, “possades dixer”, “queixar”, “digu’eu”. Contenda verbal: “pelejar”, “travar”, “assanharei”, “entenças”, “tençom”.

Actividades da Síntese e avaliación (páxina 244)

- Exercicio 1.
 - Temas: cantiga de amigo.
 - Punto de vista do poeta: cantiga de amor.
 - Comezo narrativo: cantiga de escarnio.
 - Recursos formais: cantiga de amor.
 - Diálogos: cantiga de amigo e cantiga de escarnio.
- Exercicio 2.
 - Situación de diálogo: “conselhar”, “tornar recado”, “departir”.
 - Contenda verbal: “entençar”, “baralhar”, “travar”.
- Exercicio 3.
 - Xénero menor: pastorela.

- Xustificación: aparece a palabra “pastor”, que é marca de xénero; presenta temas propios da cantiga de amigo: namorada que sofre pola ausencia do amigo e ten como confidente a un papagaio.

Actividades 1 a 4 respecto da Lectura anterior (páxinas 228 e 229)

- Exercicio 1.
 - *Físico*: antigamente, médico.
 - *Mariano*: relativo á Virxe María.
 - *Fornecer*: prover do necesario.
 - *Cantaruxar*: cantar polo baixo.
 - *Cartafol*: carpeta para gardar papeis.
 - *Contorna*: arredores. Medra: ascenso, crecemento.
- Exercicio 2.
 - A) Reacción: a resposta dos cortesáns foi un eloxio unánime.
 - B) Reacción: todos se ofrecen a axudar na empresa cabaleiresca, cadaquén ao seu modo.
 - C) Reacción: aplauso xeral.
 - D) Reacción: parte dos interlocutores empeza a mostrar desinterese.
 - E) Reacción: o malestar da maior parte do público chegou a oídos do rei.
- Exercicio 3.
 - 1) Desaparecen as súas posibilidades de ser emperador.
 - 2) Os seu fillos e netos sóbenselle á chepa.
 - 3) As damas deixan de atopalo interesante.
 - 4) O reino sufrira descalabros económicos.
 - 5) Os trovadores buscan outras cortes nas que prosperar.
 - 6) A moda do culto mariano perdera forza.
- Exercicio 4.
 - Introducción: liñas 1 a 31.
 - Resumo: o libro das Cantigas era un dos obxectos máis prezados do rei, que mesmo o usaba para curar enfermidades. O libro recolle multitude de feitos lendarios e milagreiros que foron recollidos coa axuda de moitos colaboradores.
 - Nó: liñas 32 a 86. Resumo: establécese a progresiva creación da obra e as reaccións dos colaboradores. Desenlace: liñas 87 a 98. Resumo: conta as modificacións que sofre o mundo do rei durante a elaboración da obra.

Actividades 4 e 5 da Síntese e avaliación (páxina 245)

- Exercicio 4.

As *Cantigas de Santa María* son obra dun equipo numeroso (informantes, tradutores, poetas e músicos). Os milagres que aí se tratan proceden de varias fontes: compendios de milagres en latín, coleccións en linguas romances, milagres coñecidos tanto na Península como fóra dela e recordos dos propios autores.
- Exercicio 5.

Resposta posible: nos dous textos fálase da cantidade de pezas reunidas nas *Cantigas de Santa María*. Na lectura dise que o rei sobrepasou as 400 e na unidade concrétase o núme-

ro en 427. Tamén se informa sobre os colaboradores do rei, e infórmase nos dous textos da cantidade de fontes de onde se tirou o contido.

Actividades 4, 5 e 6 (páxina 242)

- Exercicio 4.
 - Resumos: A) Ao sexto día Deus creou aos animais e ao home. B) Síntomas que indican que un cabalo está grave. C) Tras a toma de Troia, os gregos fana arder. D) Lancelot pasa fronte a uns cabaleiros e vese obrigado a presentar batalla.
 - Obras: A) *General estoria*. B) *Livro de albeitaria* (trata sobre os coidados dos cabalos). C) *Crónica troiana*. D) *Livro de Tristán* (conta as aventuras de Lancelot).
 - Tipo de prosa. A) Historiografía (narra a creación do mundo). B) Didáctica (transmite un saber científico). C) Narrativa do ciclo troiano (ocúpase da guerra de Troia). D) Narrativa do ciclo artúrico: relata fazañas dos cabaleiros da mesa redonda.
- Exercicio 5.

Resposta aberta.

- Exercicio 6.

Resposta posible: Afonso X, fillo de Fernando III, criouse en Galicia. Foi un grande impulsor das dúas linguas, convertendo o castelán en lingua do Estado e o galego en lingua para a cultura.

Actividade 6 da Síntese e avaliación (páxina 245)

- Exercicio 6.
 - Tema: descrición do sepulcro do Apóstolo.
 - Tipo de prosa: prosa haxiográfica.
 - Pertence aos *Milagres de Santiago*.

3.12 Unidade 12

Actividades 1 e 2 (páxina 260)

- Exercicio 1.
 - Conto: relato sen marcadores de tempo nin de espazo, coa finalidade de entreter.
 - Tipo de narrador: omnisciente.
 - Personaxe protagonista: tres canteiros.
 - Estrutura: Introducción (liñas 1 a 5), nó (liñas 6 a 14). Desenlace (liñas 15 a 19).
- Exercicio 2.
 - A) Cantiga sobre os traballos agrarios (vendima).
 - B) Cantiga de regueifa (discusión picaresca entre un mozo e unha moza).
 - C) Cantiga amorosa (declaración de amor).

Actividade 3 (páxina 260)

- Exercicio 3.

Refírese á execución do Mariscal Pero Pardo de Cella (1483). A Frouseira era o castelo que o Mariscal tiña en Alfoz (Lugo). O tema é o pranto pola morte do Mariscal e a conseguinte decadencia de toda a nobreza galega.

Exercicios 1 a 4 da Comprensión do texto da Lectura (páxina 248-249)

- Exercicio 1.
 - Vehemente: apaixonado.
 - Rigoroso: severo, duro.
 - Groseiro: basto.
 - Daniño: nocivo.
 - Taciturno: reservado.
- Exercicio 2.
 - A) Estar de bo humor.
 - B) Non ver o que pasa arredor.
 - C) Mostrar desgusto.
 - D) Ser boa persoa.
- Exercicio 3.
 - Na escola onde...: 2.
 - Posse, de rapaz...:1.
 - Para Posse, os castigos...:4
 - No lugar onde naxeu Posse...:3.
- Exercicio 4.

Resumo: Parágrafo 1: Juan Antonio Posse naceu en Quintans Means (perto de Vimianzo) nunha familia humilde. Parágrafo 2: Era un rapaz corrente ao que lle gustaba andar aos paxaros. Parágrafo 3: Aínda lle gustan os paxaros. Parágrafo 4: De neno traballaba no campo. Parágrafo 5: A infancia viuse anubrada polo xenio do pai. Parágrafo 6: O pai era supersticioso. Parágrafo 7: Describe a escola e o profesor. Parágrafo 8: sufriu dúas operacións. Parágrafo 9 Cita de Plutarco. Parágrafo 10: tamén grazas ao pais virou en home circunspecto.

Exercicios da Síntese e avaliación (páxinas 262-263).

- Exercicio 1.
 - B: Os Séculos Escuros abranguen....
 - C: As loitas sucesorias pola Coroa....
 - A: O grupo social que xurdiu...
- Exercicio 2.

Resposta posible: tras as guerras de sucesións Galicia recibiu gobernantes casteláns, e a súa lingua desprazou nos usos públicos o galego. O galego mantívose como lingua doméstica das clases populares ata que os ilustrados reaccionan no século XVIII e finalmente se produce a recuperación literaria do XIX.

- Exercicio 3.

Estrofa de versos octosílabos que riman en asonante os pares, quedando libres os impares. Polo tanto, é un romance.

- Exercicio 4.

Resposta aberta.

- Exercicio 5.

Tema do vilancico: transponse o nacemento de Xesús en Belén a unha situación galega do rural. Resposta aberta.

- Exercicio 6.

Resposta aberta.

- Exercicio 7.

- Resposta posible: relación coa situación lingüística: Sarmiento pon en relación a decadencia do noso idioma coas medidas tomadas polos Reis Católicos.
- Relación co pensamento de Sarmiento: defende o galego como lingua viva entre a poboación galega e lexitimamente equiparable a calquera outra.

3.13 Unidade 13

Exercicios 1 e 2 da Síntese e avaliación (páxina 282)

- Exercicio 1.

- Non investía os beneficios...: burguesía.
- Perdeu o seu poderío...: clero.
- Abranguía o 90 % da poboación...: campesiñado.
- Percibía a maior parte...: fidalguía. /Non aparece ata finais do XIX...: proletariado.

- Exercicio 2.

Resposta aberta.

Exercicios 3 e 4 da Síntese e avaliación (páxina 282)

- Exercicio 3.

- Os Precusores son os poetas do XIX anteriores a Rosalía.
- Destacan Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón.
- En canto á forma, mesturan pezas de corte popular (coplas, cantigas...) con outras máis cultas (sonetos, églogas).
- En canto aos temas, coinciden nos dous principais: descrición das formas de vida popular e das ofensas que recibe Galicia.
- Xoán Manuel Pintos (1811-1877). Foi fiscal e xuíz, e na súa faceta literaria escribiu *A gaita gallega* (1853), que o converte no autor máis destacado do seu momento. Nesta peza, o gaitero (galeguista) instrúe ao seu tamborileiro (de orixe castelá) sobre a lingua e cultura de Galicia. A intención era dobre: didáctica (método de ensinanza do galego) e reivindicativa (defende o idioma como lingua de cultura normalizable).
- Francisco Añón (1812-1878). Participou na revolta provincialista de 1846, polo que tivo que saír de Galicia cara ao exilio, ata que finalmente se instala en Madrid, onde mantén estreito contacto con Curros Enríquez (que o fará protagonista do seu *Divino sainete*). É autor de diversos poemas de tipo costumista, pero destacou polo himno “A Galicia”, premiado nos Xogos Florais da Coruña de 1881. O texto, de corte romántico, é un alegato patriótico a prol do seu espertar ao progreso.

- Exercicio 4.

- Galicia identificase co “*boi de palla*” (metáfora trazada pola fortaleza, o esforzo e a mansedume –boi-, pero tamén e fragilidade e a pasividade –de palla-). *Monicreque ferrancheiro*: persoa insignificante pero finchada. *Podenco estranxeiro*: oligarquía de orixe castelá. Ingratos ou víboras: galegos que rexeitan a súa orixe.
- Emigración: “*se o sangue teu refugas o teu peito...*”.
- Tema: diríxese a Galicia (en realidade, aos galegos), apostrofando para que esperte da súa pasividade e loite para si.
- Recursos: metáforas (as enunciadas arriba). Enumeración: “zorrega, bate e malla”. Hipérbato: (vv. 12 ao 14) quere destacar a indefensión dos galegos “destetados”.

Exercicios 1, 2 e 3 da Análise de textos (páxinas 278 e 279)

- Exercicio 1.
 - Resumo: Chinto e Mingote parolan sobre os preparativos para a incursión contra os franceses.
 - Momento histórico: a oposición popular á invasión napoleónica.
 - Pronomes de solidariedade: “*Habíanche*”, “*che había*”.
 - Frases feitas: “*non se andaban con chiquitas*”.
 - Tipo de lingua: popular e coloquial.
 - Obxectivo do texto: enxalzar as fazañas populares contra o exército francés.
- Exercicio 2.
 - Temática dominante: costumismo (“*Madrugueiros, estudiasntes acho ao pasar pola veiga*”, “*e desperta algún señor abrazado á compeñeira*”, etc.).
 - Visión do poeta da vida aldeá e cidadá: a vida aldeá é máis esforzada e produtiva, mentres que nas vilas non hai horarios de traballo e todo é folganza.
 - Estrutura. 1ª parte: v. 1 a 7, presentación do personaxe. 2ª parte: v. 8 a 27: descrición do que se pode ver na vila. 3ª parte: v. 28 a 35: ilusións financeiras da leiteira.. 4ª parte: v. 36 ao final: final do soño.
- Exercicio 3.
 - Vocabulario.
 - *Parrafeio*: conversa longa.
 - *Bacelo*: videiras e terreo delas.
 - *Neto*: medida de capacidade equivalente a medio litro.
 - *Pantrigo*: pan de trigo.
 - Resumo: o Tío Marcos preséntase e invita aos paisanos a que merquen o xornal.
 - Destinatarios: os galegos.
 - Acontecemento: os Xogos Florais recollen os primeiros poemas publicados na época.

Exercicios 5, 7, 8 e 9 da Síntese e avaliación (páxina 283)

- Exercicio 5.

Principais características: carecen de tradición culta anterior, busca do ser diferencial de Galicia; desexos de xustiza social; defensa da lingua; predominio da lírica.
- Exercicio 7.
 - Contido.

- Texto de López Ferreiro. Contido: descrición dunha paraxe en 1378 (novela de ambientación histórica).
- Texto de Lamas Carvajal: o matrimonio para o labrego (imitando o catecismo).
- Nivel de lingua.
 - Texto de López Ferreiro: culta. Xustificación: frases longas e subordinadas, vocabulario rico e escollido.
 - Texto de Lamas Carvajal: Nivel de lingua: popular. Xustificación: alternancias vocálicas e consonánticas, refráns e frases feitas, hipérboles...
- Exercicio 8.
 - A obra inaugural do teatro do Rexurdimento... B.
 - A fonte do xuramento...B.
 - Xan Cuveiro Piñol... B.
 - O fundador da escola...A.
- Exercicio 9.
 - Apoloxía dos galegos... Palabras do texto: “*chegou por fin o desexado día...*”.
 - Elexía pola morte do rei: “*Do noso rei Enrique...*”.
 - Premonición da guerra: “*para quen tan solo días...*”.
 - Anuncio do apoio: “*Unha filla ilexítima quedou...*”.

3.14 Unidade 14

Exercicio 1 da Síntese e avaliación (páxina 304)

- Exercicio 1.
 - “En 1863 publicou... (R).
 - Morreu na cidade da Habana ... (C).
 - É autor da letra do Himno... (P).
 - Por unha das súas obras tivo un proceso ... (C).
 - Traballou fundamentalmente como xornalista .. (C).
 - Estudou Medicina en Santiago ... (P).
 - Un poema seu, “Negra sombra”, serve... (R).
 - Estivo a piques de ser desterrado... (P).
- Resposta aberta. Os datos poden buscarse na unidade.

Exercicio 6 da Análise de textos (páxina 302)

- Exercicio 6.
 - A) Recurso: paralelismo. Valor expresivo: salienta a invitación ao canto que se lle fai á moza.
 - B) Recurso: comparación. Valor expresivo: Compárase a primavera coma unha moza que quere vivir e divertirse.
 - C) Recurso: epíteto (“*radioso lóstrego*”). Valor expresivo: serve para destacar a impronta que quere deixar o poeta tras da súa morte.
 - D) Recurso: onomatopea (“*cro, cro*”). Valor expresivo: úsase para remarcar a mensaxe do vello.

- E) Recurso: metáfora (“O corazón é unha rosa de cen follas”).

Exercicio 3 da Síntese e avaliación (páxina 304)

■ Exercicio 3.

Liña temática: cívico-patriótica, pois expón moi directamente o abuso perpetrado contra os máis desfavorecidos por parte das clases privilexiadas (“*Aqués que ten fama de honrados na vila*”): privárona das súas escasas pertenzas, do sustento mínimo dos fillos (que morren) e reducírona á maior miseria.

Exercicios 2 e 3 da Análise de textos (páxinas 300-301)

■ Exercicio 2.

- Aparencia e carácter do gaiteiro: os dous son arrogantes, cumpridos, espelidos e ben vestidos.
- Calidades para tocar: En Rosalía abóndase máis nos efectos que causa sobre as rapazas, mentres que Curros detalla máis a calidade técnica (“*ceibaba un limpo diamante*”).
- Intencións do gaiteiro: Rosalía pinta o festeiro, despreocupado e irresponsable, e mesmo aproveitado, mentres que Curros faino voceiro do pobo, responsable e reivindicativo.
- As reaccións da xente: amorosas en Rosalía e de conciencia social en Curros. NOTA: as diferenzas derivan da temática en que cada autor sitúa o seu texto: costumista o de Rosalía e Cívico o de Curros.

■ Exercicio 3.

- Contido. 1ª parte (vv. 1-8): despedida das cousas alegres propias da mocidade. Parte 2ª (vv. 9-18): as alegrías e a vitalidade marchan, coma os que van morrendo. Parte 3ª (vv. 19-28): descrições das escasas e míseras compañías que lle quedan, e como teme a súa desaparición. Parte 4ª (vv. 29-30): Paradóxica conclusión do seu concepto de saudade.
- Oposición entre o que se oe na 1ª e na 3ª estrofas: na primeira oe ruídos altos, agudos, humanos e agradables, mentres que na 3ª oe ruídos leves, animais ou inanimados e non gratos de seu.
- Recursos: anáfora (v. 1, 3 e 5): “Aquel”, para dar sensación de cantidade e intensidade. Comparación (vv. 9 a 11) a comparación é moi plástica, e alude á impotencia de pillar o que escapa, e á sorpresa. Hipérbole: (vv. 14 a 17), para cargar de soidade lóbrega a imaxe que nos mostra.. Aliteración (v. 20): as consoantes vibrantes realzan a imaxe do raro a roer.
- Tema: a soidade como paradoxo, pois causa dor a renuncia do que se vai, pero tamén é motivo de inusitados praceres.
- Liña temática: inscríbese no intimismo propio da Rosalía de *Follas Novas*, como nos dous poemas deste tipo de *Cantares galegos* (“Campanas de Bastavales” e “Como chove miudiño”).

Exercicio 4 da Síntese e avaliación (páxina 304)

■ Exercicio 4.

- Resposta aberta. Posibles respostas para Celtismo, nos poemas “Despois do duro combate”, “Rei dos castros, castro forte”, “Benzoada, saúde”, “Dos celtas antigos”, “Denodados e fortes”, “Os fillos dos celtas”, etc.

- Bardismo, en “Salvaxe val de Bentoa”, “Non cantes tan tristemente”, “As almas escravas”, etc.
- Helenismo en “A vontade homérica”, “Cinguido en duro ferro”, “Necias fillas da Hélade”, “Home libre, libre terra”, “De Xúpiter Olímpico”, etc.

Exercicio 6 da Síntese e avaliación (páxina 305)

- Exercicio 6.
 - Poema de Eduardo Pondal.
 - Pertence a *Os Eoas*, escrito en oitava real con hendecasílabos rimando en consoante.
 - Polo contido, lóase a arrogancia e valor dos que cruzaron o océano.
 - Poema de Curros:
 - Pertence a *O divino sainete*, e trátase de tercetiñas.
 - No contido observamos unha declaración de principios da súa arte poética: cívica, de denuncia do vicio e de loa da virtude.

Exercicio 5 da Análise de textos (páxina 302)

- Exercicio 5.
 - Contido. Estrofa 1: describe a situación de abandono da aldea. Estrofa 2: agoira malas colleitas, carencia e fame. Estrofa 3: o lobo (inimigo do labrego) asexo cara ás portas. Estrofa 4: chamada aos mozos para que loiten contra os “lobos” da súa carestía e acaben con eles.
 - Imaxes: usa a metáfora dos lobos para representar a insaciable ferocidade de quen se alimenta das riquezas dos pobres (caciques= lobos da terra), e de quen alimenta a superstición e o medo (cregos= lobos dos ceos).
 - Tema: a pobreza da masa dos labregos polo acoso das clases privilexiadas, axudadas polo dogma da Igrexa.
 - Recursos de apelación á mocidade: Interrogación (“¿que vai a ser deles na crúa invernia?”), apóstrofo (“Mociños honrados”), imperativo (“librádeos da morte,/ facei montería”), Aliteracións (toda a última estrofa abonda en oclusivas e grupos consonánticos vibrantes).